



CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de SETEMBRO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas do día seis de setembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(697).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 30 de agosto de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(698).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16269/445.**

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 14 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO, cun orzamento base de licitación de CENTO CATORCE MIL SEISCENTOS TRINTA E UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (114.631,34 €), IVE engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:*

<i>Anualidade</i>	<i>con IVE</i>	<i>sen IVE</i>	<i>IVE</i>
<i>2024</i>	<i>17.500,00 €</i>	<i>14.462,81 €</i>	<i>3.037,19 €</i>
<i>2025</i>	<i>57.315,67 €</i>	<i>47.368,32 €</i>	<i>9.947,35 €</i>
<i>2026</i>	<i>39.815,67 €</i>	<i>32.905,51 €</i>	<i>6.910,16 €</i>
<i>Total</i>	<i>114.631,34 €</i>	<i>94.736,64 €</i>	<i>19.894,70 €</i>

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 28 de febreiro de 2024.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de maio de 2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 9202 2211100 (Repostos elementos de Transporte) do vixente orzamento 2024, por importe de 17.500 €, e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 9202 2211100, crédito por importe de 57.315,67 € e 39.815,67 € respectivamente.*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 24 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445) na seguinte orde descendente:*

Orden	Empresas licitadoras	Puntuación Total
1	NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	98,00
2	CONTITRADE ESPAÑA, S.L.	84,50
3	RODI GALICIA, S.L.	63,52

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., o día 24 de xullo de 2024, que presenta a documentación requirida os días 6 e 8 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 14 de agosto de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. para que puidera

emendar a documentación relativa á garantía. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- A escritura de constitución da licitadora co obxecto social xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (40.120,97 €), presentan o modelo 200 do Imposto de Sociedades do ano 2023 no que o volume de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (40.120,97 €), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 4.736,83 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 de xullo de 2024 e 22 e 23 de xullo de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445) por un prezo total do contrato de 114.631,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.894,70 euros e coas seguintes condicións:*

- a) *A porcentaxe de desconto a aplicar ós prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Anexo III do PPT é de 34 %.*
- b) *A porcentaxe de desconto a aplicar ós prezos unitarios dos servizos asociados detallados no Anexo III ao PPT é de 39 %*
- c) *O incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade e eficiencia enerxética esixidos na cláusula 6.4 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categorías C1, C2 e C3:*
  - *Etiquetaxe Seguridade:*
    - *Pneumáticos Clase C1 Valor A.*
  - *Etiquetaxe Eficiencia Enerxética:*
    - *Pneumáticos Clase C1 Valor B.*
    - *Pneumáticos Clase C2 Valor C.*
    - *Pneumáticos Clase C3 valor C.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(699).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MATERIAL PARA PISTAS DEPORTIVAS. EXPTE. 50382/446.**

Visto o informe de fiscalización do 30/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 29/08/2024, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de material para pistas deportivas (50382-446)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de material para pistas deportivas (50382-446)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de subministro e instalación de material para PISTAS DEPORTIVAS, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 29 de agosto de 2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 26 de outubro de 2023.*

*SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 118.170,79€, que inclúe un IVE de 20.508,98€, o cal se imputará á partida 1710.6190000 “Melloras Inst. Deportivas nos Parques”, do vixente orzamento 2023.*

*TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de agosto de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de material para pistas deportivas (50382-446) na seguinte orde descendente:*

<b>ORDE</b>	<b>Licitador</b>	<b>Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC</b>
1º	SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L.	11,00 %
2º	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	10,01%



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

ORDE	Licitador	Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G da FEC
3º	URBANISMO TÉCNICO SOSTE-NIBLE, S.L.	0,22%

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Acreditación da constitución garantía definitiva, e no seu caso, complementaria, cando así se esixa no apartado 9 das FEC.*
- 3. Nomeamento do/a delegado/a do contrato, acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, e declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- 4. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores ao estar inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L., o día 1 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida o 6 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 14 de agosto de 2024, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acorda outorgar un prazo de 3 días naturais a SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L. para que puidera emendar a documentación relativa á acreditación da solvencia técnica e á declaración de vixencia dos datos do rexistro de licitadores. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público nos que figura a constitución da licitadora, o seu representante e obxecto social.

- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (68.363,27 €), presentan as contas. do ano 2021 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (82.719,55 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Seguro de caución por un importe e 4.345,95 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 24 de xullo de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación de data 1 de agosto de 2024 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de material para pistas deportivas (50382-446) por un prezo total de 105.172,00 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.252,99 € euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(700).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS". EXPTE. 1888/441.**

Visto o informe de fiscalización do 29/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor

inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 24.04.2024.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 36.274,64 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.619.00.02 (MELLORA NO ASCENSOR INCLINADO ENTRE M.PELAYO E CAMELIAS), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2024	209.011,04 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de agosto de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1938-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	85,82

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., o día 9 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida o 21 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da licitadora, o obxecto social e o apoderamento dos seus representantes, así como, os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA no segundo.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (207.283,68 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo J, subgrupo 1, categoría 2) presentan a clasificación Grupo J, subgrupo 1, categoría 4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (209.011,04 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo J, subgrupo 1, categoría 2) presentan a clasificación Grupo J, subgrupo 1, categoría 4.
- Aval por un importe de 7.496,83 que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., de acordo co informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 5 de agosto de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 8 de agosto de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliada a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora do ascensor inclinado sito na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Menéndez Pelayo e Camelias" (1888-441) por un prezo total do contrato de 181.423,39 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.486,70 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(701).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO – MATAMÁ”. EXPTE. 1891/441.**



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

Visto o informe de fiscalización do 30/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 29/08/2024, que di o seguinte:

### 11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro - Matamá” (1891-441)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro - Matamá” (1891-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DE ITINERARIO PEONIL NA RÚA ROUPEIRO - MATAMÁ”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Juan Manuel Sánchez González*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos- PA, a técnica de Administración Xeral- con data 21.05.2024.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO TRINTA E SEIS MIL CATROCENTOS SESENTA E UN EUROS CON SESENTA E TRES CÉNTIMOS (136.461,63 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 23.683,42 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación 1532.609.00.02 (CONSTRUCCION BEIRARRÚAS NA RÚA ROUPEIRO, segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2024	136.461,63 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de agosto de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro - Matamá” (1891-441) na seguinte orde descendente:*

	<i>Clasificación</i>	<i>Baixa ofertada</i>
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	25.950,27 €
2	CONSTRUCCIONES E.C.CASAS, S.L.	25.036,76 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	15.721,29 €
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14.514,56 €
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	13.409,33 €
6	NAROM, S.L.	12.879,28 €
7	CIBAY 2024, S.L.	12.263,39 €

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o día 9 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida o 26 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (135.333,85 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (CLASIFICACIÓN) presentan a clasificación Grupo E, subgrupo 1, categoría 4.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (136.461,63 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (CLASIFICACIÓN) presentan a clasificación Grupo E, subgrupo 1, categoría 4.
- Solicitud de retención no prezo do importe da garantía definitiva requirida (4.341,40 €).

Asemade figura no expediente o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os datos de constitución da licitadora, o obxecto social e os datos do seu representante, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA. Figura, tamén, no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES VALE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 2 de agosto de 2024.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora de itinerario peonil na rúa Roupeiro - Matamá” (1891-441) cun prezo total do contrato de 105.061,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.233,87 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(702).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS". EXPTE. 1938/441.**

Visto o informe de fiscalización do 30/08/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 29/08/2024, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1938-441)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1938-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 21 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "REPARACIÓN ESTRUCTURAL DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE BOUZAS", redactado polos Enxeñeiros Industriais, D. Antonio Reboreda Martínez, Dna. Beatriz Pérez*





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

Ribas e D. Antonio Reboreda Fernández, asinado dixitalmente en data 09.02.2024.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 29.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (86.304,73 EUROS) , sendo o importe correspondente ao IVE de 14.978,51 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420 212 00 00 (Mantemento e mellora instalacións deportivas.), a nivel de bolsa de vinculación, segundo a distribución de anualidades:

2024	86.304,73 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 8 de agosto de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas" (1938-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, S.L.	98,45

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar,

*asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, S.L., o día 9 de agosto de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de agosto de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran os datos de constitución da licitadora, o obxecto social e os datos do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora na que figura e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (85.591,46 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (86.304,73 €), presentan certificado de boa execución no que o importe do ano 2024 supera esta cantidade.
- Aval por un importe (cada un) de 3.281,00 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 29 de agosto de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de datas 2 de agosto de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 8 de agosto de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeil a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Reparación estrutural da cuberta do Pavillón Polideportivo de Bouzas” (1938-441) sendo o prezo total do contrato de 79.400,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.780,18 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(703).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 16340/445.**

Visto o informe xurídico do 27/08/2024 e o informe de fiscalización do 30/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/08/2024, asinado pola técnica de xestión-xefa do servizo Administrativo e de Control Orzamentario (R.C. 24/07/2024) e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

1º.- En data 29.01.2021 formalizouse o contrato entre o Concello de Vigo e SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, para a cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade municipal. O prazo do citado contrato era de dous anos, contando a partir das 00.00 horas do 01.01.2022, podendo prorrogarse o contrato por acordo expreso do órgano de contratación por períodos anuais, cun máximo de dúas prorrogas. (Expte. 14838-445).

2º.- O vindeiro 31.12.2024 finalizará a vixencia do devandito contrato, polo que é necesario iniciar un novo procedemento para contratar unha póliza de seguros que cubra os riscos derivados do funcionamento e actividade da flota de vehículos municipais, deriva da obriga prevista no artigo 2 do Real Decreto Legislativo 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor.

3º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, pola Técnica de Xestión, o polo Xefe da Área de Fomento e Servizos, de data 24.04.2024.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25.04.2024.
- C) Certificado de existencia de crédito (RCFUT 12024000090876) asinado polo Director Superior Contable en data 19.05.2024.
- D) Anuncio previo no Diario Oficial da Unión Europea de data 03.07.2024.
- E) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 22.08.2024 e conformado polo Xefe da área de Servizos Xerais.
- F) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 22.08.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 22.08.2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 22.08.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 22.08.2024.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Tramitación anticipada de gasto. De conformidade coa disposición adicional 3ª.2 da LCSP poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha

subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

**Quinto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de **“ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL”**.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 22.08.2024.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 22.08.2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS MIL SEISCENTOS CORENTA EUROS (300.640,00 €)**, IVE exento en virtude do artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202.224.00.00 “Seguro de vehículos”, segundo a distribución de anualidades proposta.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

2025	150.320,00 €
2026	150.320,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>300.640,00 €</b>

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(704).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DO CONCELLO DE VIGO 2024. EXPTE. 43933/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 02/09/2024, asinado polo técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación, a concelleira da Área de Goberno, a letrada-xefa de Asesoramento (p.a. da titular da Asesoría Xurídica) e o interventor xeral municipal, que di o seguinte:

#### **-ANTECEDENTES**

I-A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de marzo de 2023, prestou aprobación inicial á proposta de aplicación de estudo de análise e valoración retributiva e funcional de postos de traballo e mellora na organización interna da Policía Local do Concello de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo 2023. Finalizado o período de exposición pública, en cumprimento do preceptuado no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, elevouse a definitivo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 16/03/2023 (Expte. 40934/220).

<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2023/05/16/2023035415>

II-O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello que rexerá durante o exercicio 2024, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 249 de data 29 de decembro de 2023, e accesible igualmente a través do portal de transparencia: [https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_CUADRO%20DE%20PERSONAL.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_CUADRO%20DE%20PERSONAL.pdf)

III-Figura orde de incoación de expediente asinada en data 12/03/2024 pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal na que se acorda incoar expediente para a tramitación do axuste da RPT consonte ao previsto no capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024 e nos termos do establecido na normativa vixente que resulte de procedente aplicación.

IV- En consecuencia, procede a realización da proposta de actualización da RPT, baseada nas modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que recollen un listado de prazas de nova creación, prazas amortizadas e outras modificacións (Expediente 42630/220 “Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024”, informe técnico figurando no trámite 48), e publicado no enlace:

[https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf)

V- Conxuntamente, inclúense na presente proposta as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2023 con respecto ao RPT 2022, conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI- Por outro lado, cómpre poñer de manifesto que, a Xunta de Goberno Local, no expediente 43010/220, e en sesión de data 19/04/2024, acordou adxudicar a “NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L. o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo; contrato no marco do cal se analizará e avaliará a totalidade do postos de traballo en concordancia igualmente coas resolucións xudiciais existentes e que fosen declaradas firmes na materia.

VII- Con data 26/04/2024 realizouse informe proposta da Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2024, para a súa adaptación ao recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio e corrección de erros materiais, para someter a previa negociación colectiva de conformidade co art. 37 do TREBEP.

VIII- En data 07/05/2024 celebrouse a mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, constando certificado do acordo adoptado, firmado pola presidenta e secretaria da Mesa e que figura incorporado ao presente expediente no trámite 25.

IX-A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 07/06/2024 (expediente 43933/220) , acordou:

**“PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2024, de conformidade co recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio, corrección de erros materiais e axustes recollidos nos antecedentes e fundamentos do presente informe xurídico con proposta de resolución e que se incorporan no Anexo I.

**SEGUNDO:** Someter este procedemento a información pública por un prazo de 20 días hábiles a efectos de presentación de alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP), transcorrido o cal a aprobación se elevará a





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

*definitiva de non achegarse reclamacións, procedendo a conseguinte publicación no mesmo BOPP, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia .*

**TERCEIRO:** *Remitir copia do presente acordo á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para o axuste que proceda dende o punto de vista orzamentario, conforme ao disposto nas consideracións xurídicas do presente acordo.(...)"*.

-O citado acordo foi publicado do BOPP nº 115 de data 14/06/2024 e exposto no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo dende o 14/06/2024 a 12/07/2024.

II- Con respecto ás alegacións presentadas dentro do prazo legalmente establecido, consta incorporado ao expediente Certificado do secretario xeral do Pleno (delegación por resolución de data 02/08/2024, no que se recolle o seguinte:

*"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 116 de data 14-06-2024, para a presentación de reclamacións ao expediente de **"PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE VIGO (RPT) 2024. Expte. 43933/220 "**, que rematou o día 12 de xullo do presente ano, e consultado o rexistro electrónico deste Concello (por palabras e número de expediente), presentarónse as seguintes alegacións:*

<b>Doc.</b>	<b>Data</b>	<b>Apelidos, Nome</b>
240206773	25/06/2024	CARIDE GRANDAL, E.
240206791	25/06/2024	VAS COSTA, M. Sección Sindical UGT Concello de Vigo
240207095	26/06/2024	EXÓSITO OLALLA, L.
240207736	26/06/2024	AGUIAR CASTRO, C.
240211059	01/07/2024	VILLAVERDE VILLAVERDE, J. M.
240212260	03/07/2024	LÓPEZ MOURE, J.
240217509	09/07/2024	DÍAZ SÁNCHEZ, M.
240217760	10/07/2024	SIERRA ABRAIN, M.
240217779	10/07/2024	ROSENDE VILLAR, M. E.
240217791	10/07/2024	LOBATO ANTON, P.
240218013	10/07/2024	COSTAS LORENZO, T.
240217868	10/07/2024	AMBOAGE GARCÍA, C.
240218322	10/07/2024	GÓMEZ ÁLVAREZ, M. B.
240218324	10/07/2024	IGLESIAS MARTÍNEZ, C.
240218343	10/07/2024	GARCÍA GARCÍA, M.
240218351	10/07/2024	VÁZQUEZ OTERO, E.
240218503	10/07/2024	GÓMEZ FIGUEIRO, P.
240218649	11/07/2024	GIL VICENTE, L.
240219021	11/07/2024	GARCÍA VILLASANTE, J. M.
240219191	11/07/2024	MARTÍNEZ RAMOS, E.
240219230	11/07/2024	JORGE ALVAREZ, M.
240219247	11/07/2024	MURILLO DIAZ, A.
240219277	11/07/2024	CRESPO HARRISON, A. A.
240219299	11/07/2024	ELVIRA MUÑIZ, T.
240219306	11/07/2024	RODRIGUEZ MIGUELEZ, S.
240219355	11/07/2024	SUAREZ MARTINEZ, M.
240220475	12/07/2024	ANDRADE TELLO, M.
240220726	12/07/2024	RIOBO VEIGA, L.A.
240220720	12/07/2024	RIOBO VEIGA, L.A.

240219603	12/07/2024	ROMERO QUINTANA, M.
240219631	12/07/2024	GARCIA MARTIN, A.
240219880	12/07/2024	LANDIN LORENZO, M.
210220261	12/07/2024	COMESAÑA TRIGO, X.V.
240220347	12/07/2024	ÁLVAREZ OUTEIRO, I.
240220406	12/07/2024	ÁREA XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL
240220466	12/07/2024	BILBAO ECHEGARAY, M. I.
240220242	12/07/2024	BILBAO ECHERAGAY, M. I.
240220508	12/07/2024	BARCIELA LEDO, N.
240220515	12/07/2024	GONZÁLEZ ESTÉVEZ, P.
240220520	12/07/2024	RIOBÓ IBAÑEZ, M.

X- Recíbese en esta Área de Recursos Humanos e Formación fóra do prazo concedido ao efecto as seguintes alegacións:

240220742, 13/07/2024 TEIJEIRO GUERREIRO, M. R.  
240220738

\*\*\*1730\*\*

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

### **I.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.-**

Os artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local (LRBRL) e 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes (TRRL) en materia de Réxime Local impoñen ás administracións locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRBEP) no seu artigo 70 que, no marco das súas competencias de autoorganización, as administracións públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións conforme ao previsto neste capítulo.

Igualmente, no seu artigo 74 sinala que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ó menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

E o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) establece que:

1.A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcional e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.”

En consecuencia, a RPT preséntase como un instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas.

A aprobación da RPT, que corresponde a Xunta de Goberno Local, constitúe unha manifestación da potestade autoorganizativa da Administración Local recollida no artigo 4.1 da LRBRL que se ben ten un marcado carácter discrecional, deberá en todo caso exercerse dentro do respecto aos principios de legalidade e de prohibición da arbitrariedade que debe rexer toda actuación administrativa e de goberno municipal (artigos 9.1 e 103.1 da Constitución Española de 1978) e, polo tanto, co obrigado cumprimento dos requisitos e límites recollidos na normativa vixente que resulte de aplicación, tanto de natureza material ou substantiva como no tocante ao procedemento de aprobación. Neste senso a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), do 18 de abril de 2012: “(...), en cada Relación de Puestos de Trabajo se determina el perfil objetivo de cada puesto con sus principales características y forma de provisión, y ello atendiendo al programa elaborado por la Administración para el desarrollo de cada servicio público, en que confluyen las facultades discrecionales de organización que corresponden a la misma. En efecto, corresponde a la Administración tomar la iniciativa de la elección entre las diversas opciones razonables en presencia en cada supuesto,mpor ser competencia de quien gobierna,..”.

-Conforme ao disposto no artigo 202.3 da da LEPG, o acordo de aprobación definitiva publicarase no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia do mesmo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia.

-Respecto a natureza xurídica da RPT, a cuestión viuse suxeita a variacións doutriniais e xurisprudenciais aos que veu a poñer fin a Sentenza do 5 de 7 de febreiro de 2014, Rec. 2986/2012 ditada polo Tribunal Supremo. Nela ponse fin á dualidade mantida en canto á

consideración da RPT como disposición de carácter xeral e como acto administrativo, no plano procesual e no material respectivamente, para pasar a considerar o devandito instrumento como un acto ordena. Concretamente a sentenza determina “Sobre esa base, y en la alternativa conceptual de la caracterización como acto administrativo o como norma, entendemos que lo procedente es la caracterización como acto, y no como norma o disposición general. Tal caracterización como acto, según se ha expuesto antes, es por lo demás la que ha venido proclamándose en la jurisprudencia (por todas reiteramos la cita de las sentencias de 19 de junio de 2006 y la de 4 de julio de 2012 y 10 de julio de 2013), aunque lo fuera en referencia al plano sustantivo, al diferenciarlo del procesal”.

O artigo 4.1 do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, establece que:

*“1. El complemento específico está destinado a retribuir las condiciones particulares de algunos puestos de trabajo en atención a su especial dificultad técnica, dedicación, incompatibilidad, responsabilidad, peligrosidad o penosidad. En ningún caso podrá asignarse más de un complemento específico a cada puesto de trabajo, aunque al fijarlo podrán tomarse en consideración conjuntamente dos o más de las condiciones particulares mencionadas que puedan concurrir en un puesto de trabajo.”*

2. “El establecimiento o modificación del complemento específico exigirá, con carácter previo, que por la Corporación se efectúe una valoración del puesto de trabajo atendiendo a las circunstancias expresadas en el número 1 de este artículo”.

Tal e como se estableceu no antecedente VI, a Xunta de Goberno Local, no expediente 43010/220, e en sesión de data 19/04/2024, acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

Por outro lado, cómpre sinalar que, a disposición transitoria sexta do Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, *por el que se aprueban medidas urgentes para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia en materia de servicio público de justicia, función pública, régimen local y mecenazgo, realiza unha modificación dos intervalos de niveis* correspondentes aos subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira fixados en no artigo 76 do TREBEP.

En este senso, o artigo 3 del el Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece o réxime de retribucións dos Funcionarios da Administración Local, remite a que os intervalos de niveis dos postos de traballo dos funcionarios de Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os funcionarios de la Administración do Estado, resultando pois de aplicación a modificación efectuada.

## **II.- OBJECTO DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DO CONCELLO DE VIGO 2024.-**



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

A presente modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2024 ten por obxecto principal a actualización conforme ás modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que rexerán para o vixente ano 2024 e que foron aprobados polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 249 de data 29 de decembro de 2023, baséanse no informe técnico do anteproxecto do capítulo I dos orzamentos de 2024, con última data de sinatura do 23/10/2023, accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf) e na acta da mesa xeral de negociación colectiva da sesión extraordinaria 30/10/2023, accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf).

Dentro do Capítulo I de gastos, recóllense, entre outras, un listado de prazas de nova creación, prazas que foron amortizadas e outras modificacións que se levaron a cabo (Expediente 42630/220 "Anteproxecto do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024", informe técnico figurando no trámite 48) e que a continuación se expoñerán .

No caso de que houbera modificación que supuxesen incrementos de retribucións que non estean expresamente recollidas no capítulo 1 de gastos a día de hoxe, non serían efectivas ata que se proceda no seu caso á modificación no cadro de persoal orzamentario.

O cadro de persoal (ou plantilla), figura entre a documentación técnica incorporada ao capítulo I dos orzamentos de gastos municipais, sendo unha manifestación da potestade de auto-organización das corporacións locais, recoñecida no artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

O cadro de persoal está ligado ao orzamento, vinculando as políticas de xestión de persoal da corporación e converténdose en un elemento imprescindible para dar cumprimento á legalidade orzamentaria, indicando os postos que poden cubrirse coas dotacións orzamentarias dispoñibles. Ao mesmo tempo configúrase tamén como un límite negativo, xa que non poden crearse, nin cubrirse, postos ou prazas que non estean dotadas orzamentariamente.

Deste xeito, o artigo 90 da citada LRBRL, dispón que lle corresponde a cada Corporación aprobar anualmente a través do Orzamento, a plantilla que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e deberá responder aos principios de racionalidade, economía, e eficiencia, e establecerse de acordo coa ordenación xeral da economía, sen que os gastos de persoal poidan sobrepasar os límites que se fixen con carácter xeral.

Á súa vez, o artigo 126 do RDLex. 781/86, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece que as plantillas deberán comprender todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a persoal funcionario, persoal laboral e eventual, aprobaranse anualmente con ocasión da aprobación do orzamento e responder aos principios do mencionado artigo 90 da LRBRL.

O RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, TREBEP, non recolle expresamente o concepto de plantilla ou cadro de persoal, aínda que no seu artigo 73.3 establece que os postos de traballo poderán agruparse en función das súas características para ordear a selección, a formación

e mobilidade. Conxuntamente, inclúense na presente proposta as correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT 2023 con respecto a anterior do ano 2022 e que non foran obxecto de modificacións expresas.

En relación cos restantes contidos, que se manteñen, remitímonos ao informe-proposta da memoria xustificativa que motivou a RPT de 2022, accesible en [https://transparencia.vigo.org/?id\\_file=818&lang=es&file=](https://transparencia.vigo.org/?id_file=818&lang=es&file=). Asemade, nos aspectos non modificados respecto da RPT de 2023, haberá que atender á motivación do acordo de aprobación e documentos nel sinalados accesible en [https://transparencia.vigo.org/?id\\_file=866&lang=es&file=](https://transparencia.vigo.org/?id_file=866&lang=es&file=).

En relación coa necesidade dunha análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, tal e como se expuxo nos antecedentes, infórmase que consta a adxudicación e conseguinte formalización de contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Estando actualmente en desenvolvemento a prestación obxecto do contrato.

Nesta proposta non se conteñen adecuacións retributivas nin novas guías de funcións, senón que se trata dunha mera adaptación ao marco orzamentario, emenda de erros e solventar desaxustes puntuais

Pasamos a expoñer polo miúdo canda un dos supostos previstos que serán obxecto de modificación e conforme ao Informe de verificación previa incorporado ao presente expediente:

### **1.- Nos orzamentos que rexen no ano 2024, aprobados polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo, introdúcense as seguintes modificacións:**

#### **1.1 Postos asociados ás prazas de nova creación recollidas no Capítulo I dos orzamentos aprobados para o exercicio 2024:**

Servizo/Área Solicitante	Praza	Posto	N.º	GR
RRHH e Formación	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	1	A1
RRHH e Formación	Enxeñeiro/a Superior <sup>1</sup>	Técnico de prevención de riscos laborais	1	A1

1.- De conformidade coa acta da mesa xeral de negociación colectiva da sesión extraordinaria 30/10/2023, de sinatura dixital 21/11/2024, procede a creación dunha praza de "Enxeñeiro/a Superior", en lugar da praza inicialmente solicitada como "Enxeñeiro/a Industrial".



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

Servizo/Área Solicitante	Praza	Posto	N.º	GR
Igualdade	Psicólogo/a	Psicólogo/a	1	A1
ORSII <sup>1</sup>	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	1	A1
	Administrativo/a de Admón. Xeral	Administrativo/a	1	C1
Policía Local	Intendente	Intendente Policía Local	1	A1
Asesoría Xurídica <sup>2</sup>	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	2	A1
	Administrativo/a de Admón. Xeral <sup>3</sup>	Administrativo/a	1	C1
Contratación	Técnico/a de Admón. Xeral, rama xurídica	Técnico/a de Admón. Xeral	1	A1
Medio ambiente (Cemiterios)	Capataz	Capataz cemiterios	1	C1
Medio ambiente <sup>4</sup>	Oficial Mantemento	Oficial mantemento instalacións municipais	1	C2

### 1.2 Prazas amortizadas no Capítulo I dos orzamentos aprobados para o exercicio 2024 e postos asociados.

Servizo/Área	Praza	Posto	N.º	GR
Policía Local	Inspector principal	Inspector principal Policía Local	1	A2
Medio ambiente (Cemiterios)	Oficial sepultureiro	Xefe/a equipo cemiterios	1	C2
Medio Ambiente <sup>5</sup>	Oficial Laceiro/a	Oficial Laceiro/a	1	C2

A amortización da praza de Oficial Laceiro e a posterior creación da praza de Oficial de Mantemento, non figura no cadro de persoal que consta publicado na web municipal, a través do enlace:

[https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_CUADRO%20DE%20PERSONAL.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_CUADRO%20DE%20PERSONAL.pdf)

1.- Créase a Unidade administrativa de apoio ao Órgano Responsable do "Sistema Interno de Información" (código 120), adscrita a Secretaría de Goberno Local na que se integran dous postos correspondentes coas dúas novas prazas creadas de técnico/a de Admon. Xeral e administrativo/a.

2.- De acordo co informe técnico de sinatura dixital 23/10/2023 da tramitación do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024, previsión económica que posibilite a posterior modificación do tipo de posto existente de TAX, para o que xa consta unha praza no cadro de persoal, en Letrado/a Asesor/a Xurídico/a na Asesoría Xurídica Municipal e creación de dúas prazas que possibiliten a posterior incorporación de novos postos de letrado/a asesor/a xurídico/a, cuestión económica que se incluírá na tramitación dos Orzamentos Municipais correspondentes ao ano 2025.

3.- De acordo co informe técnico de sinatura dixital 23/10/2023 da tramitación do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais 2024, readscrición do posto "Auxiliar técnico contratación" e substitución no Servizo de Contratación por un posto de administrativo. En consecuencia, o posto auxiliar técnico contratación consta adscrito a Réxime interior (Documento retribucións por dotacións, sinatura dixital 06/11/2023)

4 Segundo se recolle na acta da Mesa de Negociación na sesión extraordinaria de data 30/10/2023.

5 Segundo se recolle na acta da Mesa de Negociación na sesión extraordinaria de data 30/10/2023 .



Non obstante, este axuste está motivado no acordo que aparece recollido na acta da Mesa de Negociación na sesión extraordinaria de data 30/10/2023 e tamén publicado na web municipal do Concello de Vigo [https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf)

A dotación orzamentaria do posto que se crea oficial de mantemento, será a que corresponde co posto de oficial laceiro que se propón suprimir, por coincidir as características da praza (correspóndense as dúas coa praza de Oficial de Oficios de réxime laboral, equiparado ao subgrupo C2) polo tanto o cambio do posto non supón alteración da dotación orzamentaria xa aprobada para o exercicio 2024.

En todo caso, debe darse traslado á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para que se efectúe o axuste que dende o punto de vista orzamentario resulte procedente coa adopción do presente acordo.

### **1.3 Outros axustes conforme ao recollido no capítulo I dos orzamentos municipais:**

1.3.1: Outras modificacións que foron aprobadas no Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024 de acordo co informe técnico de sinatura dixital 23/10/2023 e restante documentación que, polo tanto, procede incorporar na vixente RPT, conforme peticións dos respectivos Servizos/Áreas, son;

- Dirección de Ingresos: adscrición da funcionaria NP 76509 a unidade organizativa 516 por ser onde está a prestar os seus servizos. Polo tanto, cambio de adscrición dende a unidade cód. 502 á unidade organizativa cód. 516.
- Secretaría do Goberno Local: Solicitud de adscrición do posto de traballo de administrativo á Secretaría de Goberno Local. Polo tanto, cambio de adscrición da funcionaria NP 84466, pasando da Secretaría Xeral (cód. 110) á Secretaría de Goberno Local (cód. 109). Conxuntamente, procede rectificar o posto que por erro figura na vixente RPT 2023 de "Xefa/a oficina Xunta Goberno Local", e que no seu lugar debe dicir "Xefe/a da oficina da Secretaría de Goberno Local", conforme o acordo da Xunta de Goberno Local de data de 26.06.2020.

1.3.2: Outras modificacións realizadas na estrutura orzamentaria no Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2024 e que, polo tanto, procede incorporar na vixente RPT

1. Modifícase a adscrición do posto 105 "Administrativo/a", ao que se atopa adscrita a empregada con NP 22757 da unidade administrativa Codg 543- Tesourería Pagaduría, a unidade 540 -Recadación Voluntaria, ambas pertencentes ao programa 9340, segundo escrito de data 12/06/2023 (Doc 230149746 incorporado ao expte. 42874-220).
2. Readscrición dun posto Codg 249 Oficial Fontaneiro existente no servizo 442 "Taller de Vías e Obras" (programa 1532) a o servizo de Medio Ambiente (Programa 1721), cos seus correspondentes créditos e a inclusión dun posto de Oficial de mantemento instalacións municipais existente no servizo de Medio ambiente a unidade 442 Taller de Vías e Obras, readscrición xa contemplada na aprobación da RPT 2023.
3. Segundo Resolución de data 30/01/2018, o efectivo con NP 82163 con posto codg 328 "Oficial carpinteiro" foi reasignado da Unidade de Mantemento de Servizos Municipais (cod. 450) á Área de Cultura (cod. 328), figurando aínda no programa económico 1532, debendo figurar no programa 3340. En todo caso, o posto figura ascrito correctamente no vixente documento de RPT, na Área de Cultura.





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

4. Readscrición dun posto Codg 180 “Arquitecto Técnico-Aparellador” ao que se atopa adscrita a funcionaria con NP 84857 da Unidade 440 a unidade 241, polo que cumpre realizar a correspondente resignación dos créditos do mesmo do programa 1532 ao 9330, tal e como figura na RPT 2023. En todo caso, o posto figura ascrito correctamente no vixente documento de RPT, na Área de Cultura.
5. Por outra banda, detéctase a existencia dunha praza de Auxiliar (Réxime Laboral) e posto Codg 140, na unidade 211 “Oficina Adtva Policia Local”, vacante por recoñecemento de incapacidade en grao absoluta dende o 19/12/2020, polo que se propón a amortización de dita praza e a creación dunha praza auxiliar admón. xeral con vínculo funcional. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
6. Asi mesmo na Unidade 430 Unidade Parque Central atópase vacante un posto de oficial instalacións Deportivas, vacante dende 26/07/2020, data na que o INSS resolveu recoñecer ao traballador con número persoal 60143, a prestación de incapacidade permanente no grao de total con efectos económicos dende o 27/07/2020.  

Dito posto foi readscrito a dita unidade por adaptación de posto (Expte 33337-220) polo que enténdese debería ser adscrito ao servizo de Deportes (Codg 611), debendo figurar os seus créditos no programa 3420 e non no 9202. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
7. En data 20/09/2016, o Instituto Nacional da Seguridade Social (doc. Núm.: 160172807) recoñece a prestación de incapacidade permanente no grao de Total, do funcionario con número de persoal 11104, adscrito ao Servizo do Parque Central (430), causando baixa na nómina municipal con data de efectos 19/09/2016, sin que dende dita data se realizara revisión do traballador por agravación ou melloría. O posto ao que se atopaba adscrito dito empregado (alguacil-notificador) figura na Unidade Parque Central polo que debería considerarse o seu cambio de adscrición e a conseguinte consignación dos importes correspondentes no programa económico da Unidade de Destino que se considere ou ben a amortización da mesma e a creación dunha plaza e posto asociado de Ordenanza, adscrito a Conserxería Municipal. Polo tanto, realizase o cambio de adscrición e praza, pasando a figurar como praza e posto Ordenanza en Conserxería Municipal conforme a tramitación realizada no Capítulo I dos vixentes Orzamentos.
8. Atópase vacante unha praza e o seu correspondente posto asociado de Auxiliar Servizos Internos por xubilación do seu titular en data 07/04/2022 no servizo 443.- Servizo de Supervisión de proxectos e Asistencia técnica municipal, polo que se propón a amortización de dita praza e creación de nova praza de auxiliar administrativo, vínculo funcional, asociada a un posto de auxiliar no mesmo servizo 443. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.
9. Atópase vacante unha praza “Oficial Conductor Zoo”, por xubilación do seu titular o 16/12/2022 polo que se propón a amortización de dita praza e a creación dunha praza de “Oficial Conductor”, sendo adscrito dito posto ao Parque Mobil municipal. A praza 80709 – Oficial condutor/a Zoo figura vinculada ao posto 690- Conductor mecánico Zoo, procedendo a incorporación da modificación na vixente RPT.

10. En data 22/09/2023, asinado pola Xefa de Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos, Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, solicítase que a funcionaria con NP 76509 adscrita a unidade 502 sexa adscrita a unidade 516 relativa á xestión de lixo comercial e aproveitamento da vía pública con vados por ser en onde esta a prestar efectivamente os seus servizos, realizándose a correspondente modificacións dos créditos correspondentes a dito posto. Procédese a incorporación da modificación na vixente RPT.

11. Na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 figuran dúas prazas vacantes de inspector auxiliar servizos como persoal funcionario de carreira, promoción interna. Consta proposta de nomeamento do único aspirante que superou o proceso selectivo, de sinatura dixital 30/10/2023.

As devanditas prazas de persoal funcionario conforme os vixentes Orzamentos Municipais (tramitación Capítulo I, exp. 42630-220), e conforme foron ofertadas na OPE correspondente, constan asociadas ao posto 298- Inspector auxiliar de servizos (dotación 1 no Servizo 256-Limpeza: Recollida de residuos e dotación 2 no Servizo 333- Xuventude), que figura como persoal laboral na vixente RPT.

En consecuencia, procede realizar a modificación dos devanditos postos debendo figurar na RPT como persoal funcionario de carreira.

## **2.- Correccións dos erros materiais detectados na vixente RPT e a actualización da mesma, a data da emisión do presente informe.**

### 108: Desenvolvemento local e emprego

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura un posto duplicado "TÉCNICO/A MEDIO RESPONSABLE OBRAS PROGRAMAS MUNICIPAIS EMPREGO (ARQUIT. TEC. EXECUCIÓN OBRAS)". Procédese a súa corrección na RPT.

### 240: Área de Xestión Patrimonial e Territorial; 241: Servizo de Patrimonio

Aos efectos de adecuar a información dispoñible na aplicación de xestión de postos e prazas (ginpax) á vixente RPT, e consultado co Servizo de Administración Electrónica, procede actualizar os códigos pasado a figurar 239: Área de Xestión Patrimonial e Territorial e 240: Servizo de Patrimonio.

### 301: Benestar Social

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura por erro o código 2 (persoal laboral) asociado aos postos "OFICIAL TELEFONISTA" e "ORDENANZA PORTEIRO/A". Procédese a súa corrección na RPT, debendo figurar código 1 (persoal funcionario).

### 320: Participación Cidadá

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura un posto duplicado "ADMINISTRATIVO/A". Procédese a súa corrección na RPT.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

### 446: Montes, Parques e Xardíns

Revisada a tramitación do Capítulo I – ano 2023 (Expediente 40203/220, trámite 58) e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, non figuran incorporadas na RPT 2023 todas as modificacións realizadas no devandito orzamento que foi aprobado. Procede incorporar un posto de “TÉCNICO/A DE XESTIÓN” e unha dotación do posto “ADMINISTRATIVO/A”.

### 233- Arquivo Xeral

No posto “técnico medio arquivo”, aparece por erro o grupo (GR) A1 sendo correcto o A2, que se rectifica.

### 440-Área servizos Xerais e Vías e Obras:

No posto de xefe/a servizo administrativo e de control orzamentario, recóllese por erro na RPT 2023 e como único grupo de acceso, o subgrupo A2, en lugar do establecido na RPT aprobada en 2022 e publicada no BOP de Pontevedra 188 de data 30.09.2022, que establece que dito posto está clasificado como grupo A1/A2. No mesmo senso figura na Resolución da concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 14.07.2023, pola que se designa á Secretaria de Goberno Local, instrutora do procedemento de provisión de dito posto, procedéndose, pois a rectificar o erro material.

### 613: EMAO

Revisada a oferta de estabilización, a RPT aprobada no ano 2022 e a aplicación de xestión de postos e prazas ginpix, confírmase que na RPT aprobada no ano 2023 figura un posto “MESTRE DE FORMACIÓN – EMAO”, persoal laboral, duplicado. O número total correcto é 4 dotacións. Procédese a súa corrección na RPT.

Conforme orzamento 2024 consta unha única dotación do posto 656- Ordenanza EMAO, polo que actualízase o dato na RPT (1 dotación), por pase a posto como funcionario de carreira por xubilación da persoa que ocupaba o devandito posto. En consecuencia, figura unha dotación (dotación núm. 45) do posto ordenanza porteiro (155), persoal funcionario, en Conserxería (201).

### 210: Mobilidade, Transporte e Seguridade

En base ao documento 240127481, remitido pola Secretaria do Goberno Local e na súa condición de instrutora en determinados procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación, recóllese que, tanto na RPT aprobada no ano 2023 como a anterior RPT 2022, figura como sistema de provisión do posto de Xefe/a de área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de incendios o concurso. No obstante, a memoria xustificativa da RPT 2022 determina dito posto a prover mediante libre designación (páx 21 22) non constándolle a esa instrutora a modificación das características do posto logo da aprobación da RPT 2022.

Corríxese pois o erro detectado no sistema de provisión do posto de Xefe/a de área de Mobilidade, Seguridade, Tráfico e Extinción de incendios que en lugar de concurso, correspóndelle o de libre designación, conforme ao recollido na memoria xustificativa da

RPT 2022, para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados no Subgrupo A1 e A2 de titulación.

### **3.- Axustes na RPT para adecuación coa situación real en ocupación dos efectivos municipais.**

Consta nos documentos 230051633, 230083795 e 230208868, solicitude de resignación do efectivo con nº de persoal 22065, adscrito a Área de Réxime Interior ao Servizo de Patrimonio. Previamente solicitouse en expediente administrativo núm. 509-1102 a súa readscrición da Área de Réxime Interior ao servizo do Arquivo Municipal, non sendo ditada resolución ao respecto.

Por outra banda, o empregado con nº de persoal 22846, con posto de Auxiliar de Servizos Internos adscrito a Unidade 241- Negociado Patrimonio, presta servizos no Arquivo Xeral.

Polo que procede realizar a regularización da presente situación (pase dun posto de Auxiliar Servizos Internos de Patrimonio ao Arquivo Xeral pase dun posto de Auxiliar de Réxime Interior a Patrimonio), de xeito que os créditos correspondentes ao posto Auxiliar Administrativo, ocupado polo efectivo con nº de persoal 22065 figuren no programa 9330 así como os correspondentes ao posto Auxiliar servizos Internos adscrito ao Servizo de Patrimonio deberán figurar no programa 9203.

### **4.- Axustes para levar a cabo as adscricións derivadas dos procesos selectivos (OEP 17-18-19).**

Segundo a solicitude da Área de Benestar Social de sinatura dixital 22/03/2024 e conforme a dilixencia asinada en data 10/04/2024 pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal na que se establecen as vacantes nas que se vaia a efectuar a adscrición do persoal nomeado administrativo/a de Administración Xeral con cargo á OPE 2017-2018-2019, figurando ambos documentos no expediente 43250/220, e motivado polas necesidades do servizo, procede a realización das actuacións administrativas que legalmente correspondan para que, a Área de Benestar Social poida contar coa dotación de 1 praza de administrativo/a de Admón. Xeral que actualmente se atopa na Asesoría Xurídica Municipal. En consecuencia, incorpórase a devandita modificación na RPT pasando a dotación da Asesoría Xurídica á Área de Benestar Social.

Na mesma solicitude recollíase que, a cambio, a dotación de auxiliar administrativa/o de Admón. Xeral da Área de Benestar Social, pasase á Asesoría Xurídica.

Non obstante, con posterioridade no expediente 43129/220, de "proposta de nomeamento de tres auxiliares administrativas de administración xeral en réxime funcionario pola quenda de promoción interna da OPE 2017-18-19, consta dilixencia firmada con data 10/04/2024 polas concelleiras delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e a Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal onde se establecen as prazas/posto/dotacións que procede cubrir a fin de garantir a debida prestación dos servizos públicos, entre as que se inclúe a citada vacante en Benestar Social (301) Posto 138, dotación 119.

Polo tanto, queda pendente o traslado ou creación de nova dotación de vacante de auxiliar administrativa/o de Admón. Xeral (segundo proceda) para a Asesoría Xurídica, cuestión que



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

se deberá ter en conta na elaboración do próximo anteproxecto do capítulo 1 dos orzamentos municipais para o exercicio 2025.

-Por último, e conforme a resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 18/04/2024, no expediente 43851/220, procede realizar, por motivos de necesidade no Servizo de Estadística, o cambio de adscrición dun posto de administrativo/a da Oficina de Asistencia Rexistro e Información ao Servizo de Estatística, incorporando dito cambio na presente RPT.

### **5- Axustes e modificacións de erros detectados tras a celebración da Mesa común de negociación colectiva de persoal funcionario e laboral celebrada en data 07/05/2024, á que se fai referencia no antecedente VIII.**

#### 212:- Policía Local.

Cambio do código de titulación dos postos que a continuación se relaciona, onde dí “ 2” debe dicir “1”

- 2120104 – Inspector principal de la policía local*
- 2120105 – Inspector UD protección ciudadana.*
- 2120106 – Inspector UD especial de seguridad.*
- 2120107 – Inspector UD movilidad y transportes.*
- 2120108 – Inspector UD atestados e investigación de accidentes.*
- 2120109 – Inspector UD procesos interiores.*
- 2120110 – Inspector UD protección e investigación.*

#### 214- Protección civil:

Policía-coordinador executivo, figura erroneamente como xeito de provisión a nomenclatura CG (letras que non figuran no resumo de abreviaturas), en vez do código correcto C, procedéndose a modificar o erro material.

#### 213- Extinción de Incendios

Tras a presentación de escrito de propostas presentado pola sección sindical CIG a través do Rexistro electrónico, con número de documento 240135371, e que foi tratado na Mesa de Negociación, considérase procedente facer as seguintes consideracións con respecto ao posto:

#### -Subxefe extinción de incendios:

A relación de postos de traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022, contén memoria xustificativa que inclúe motivación individualizada da provisión do posto de xefatura do SPEIS, determinándose a forma de provisión polo procedemento de libre designación do posto de trabalo de xefatura do SPEIS dada a responsabilidade profesional inherente ao posto; criterio que ten sido aplicado na relación de postos de traballo correspondente ao ano

2023 para o posto de traballo de nova creación de "subxefatura", consonte ao informe técnico de data de sinatura electrónica 06/06/2023 emitido ao expediente 40.934-220. Tal motivación baséase, no caso do posto de traballo de xefatura do SPEIS, e segundo o informe técnico referenciado, en que *"son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos\_cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022*. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes:

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello.

Este criterio afecta a:

*-Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.*

*-Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local  
-Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.*

*b)Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas".*

Considerando adicionalmente que, segundo o disposto no artigo 13 do Regulamento rector do SPEIS (BOPPO de 07/04/1998) corresponde á subxefatura a substitución da xefatura en caso de ausencia ao servizo por calquera das causas previstas na normativa vixente, así como no suposto de vacante, estímase que a forma de provisión contemplada na RPT aprobada no ano 2023 resulta correcta, en atención aos antecedentes e motivación expostos, indicándose que tal RPT non foi impugnada en dito aspecto nin en vía administrativa nin xudicial.

### **III- CONTIDOS MÍNIMOS DA RPT**

No marco da normativa básica de aplicación recollida nos artigos 72 a 74 do TREBEP, e máis concretamente en relación cos contidos mínimos da RPT que se propón aprobar, débese acudir ao disposto nos artigos 38.4 e 38.5 da LEPG:

"4. As relacións de postos de traballo incluírán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade”.

Asemade, o artigo 126.4 do TRRL dispón que:

“Las relaciones de puestos de trabajo, que tendrán en todo caso el contenido previsto en la legislación básica sobre función pública, se confeccionarán con arreglo a las normas previstas en el artículo 90.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril”.

Pola súa banda, o artigo 90.2 da LBRL determina:

“Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación...”.

E, o artigo 129.2.a) TRRL determina:

“Corresponde al Ministerio de Administración Territorial: a) Establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo...”.

No entanto, debido a omisión do lexislador estatal en ditar as “normas ” para a súa confección, únicamente se conta coa Orde do 2 de decembro de 1988 sobre relacións de postos de traballo da Administración del Estado e a Orde de 6 de febreiro de 1989 pola que se dispón a publicación da Resolución conxunta das Secretarías de Estado de Hacienda y para la Administración Pública pola que se aproba o modelo de relacións de postos de traballo de persoal funcionario e se ditan normas para a súa elaboración.

En consecuencia, pódese sintetizar o seguinte contido mínimo da RPT:

- a. Denominación, encadre orgánico do posto (dependencia de adscrición) cos seus respectivos códigos numérico. Así consta no Anexo I.
- b. Indicación de se o posto vai ser desempeñado por persoal funcionario ou laboral. Este dato tamén se reflicte no Anexo I, na columna Re. Empl.
- c. Clasificación profesional, consta a esclaa e subescala e o grupo e subgrupo baixo o columna GR
- d. Características esenciais do posto (posto singularizado ou non o que figura respectivamente no código TP).
- e. Debe incluír, de ser necesario, as funcións específicas do mesmo. Neste caso, non se crea ningún posto novo. Os postos de nova creación teñen as guías de funcións aprobadas con ocasión da aprobación da RPT 2023 (posto de intendente) e anteriores, puidendo consultarse no seguinte enlace [https://transparencia.vigo.org/?id\\_file=817&lang=es&file=](https://transparencia.vigo.org/?id_file=817&lang=es&file=)

f. Requisitos esixidos para acceder ao desempeño do posto, formación específica necesaria para o desempeño. Neste caso, os requisitos do grupo e de titulación recóllense nos apartados cos códigos GR, Tit. e co código Form. Esp.

g. Retribucións complementarias, figuran no código dos complementos (C.D. e C.E.) e o importe do complemento específico na columna marcada co código Imp. 2024.

h. En relación coa información sobre os postos abertos á provisión por persoal procedente doutras administracións, consta na proposta que “conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo”.

i. Tamén se inclúe o número de dotacións, así como as observacións relativas a determinadas peculiaridades dos postos.

En consecuencia, enténdense cumpridos os requisitos mínimos de contido.

#### **IV- VALORACIÓN E ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS**

Durante o período de información pública foron presentadas un total de trinta e oito alegacións que, en función dos postos ou Áreas concretas ás que se refiren cada unha delas, aos efectos dunha maior axilidade na contestación e para evitar reiteracións nas súas valoración, pódemos clasificar en catro grupos

<b>DOCUMENTO</b>	<b>DATA PRESENTACIÓN</b>	<b>ÁREA /POSTO AO QUE SE REFIRE A ALEGACIÓN</b>
240206773	25/06/2024	Auxiliar bibliotecas
240206791	25/06/2024	Auxiliar bibliotecas
240207095	26/06/2024	Auxiliar bibliotecas
240207736	26/06/2024	Auxiliar bibliotecas

<b>DOCUMENTO</b>	<b>DATA PRESENTACIÓN</b>	<b>(ÁREA BENESTAR SOCIAL) POSTO AO QUE SE REFIRE A ALEGACIÓN</b>
240217509	09/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240217760	10/07/2024	Psicóloga/o
240217779	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240217791	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218013	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240217868	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218322	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218324	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218343	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218351	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218503	10/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240218649	11/07/2024	Ordenanza porteira/o
240219021	11/07/2024	Auxiliar administrativa
240219191	11/07/2024	Diplomada/o Traballo Social





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

240219230	11/07/2024	Auxiliar administrativa
240219247	11/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240219277	11/07/2024	Ordenanza porteiro/a
240219299	11/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240219306	11/07/2024	Auxiliar administrativo
240219355	11/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240220475	12/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240220726	12/07/2024	Licenciado/a en Dereito
240220720	12/07/2024	
240219603	12/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240219631	12/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240219880	12/07/2024	Administrativa/o administración xeral
240220347	12/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240220508	12/07/2024	Diplomada/o Traballo Social
240220515	12/07/2024	Auxiliar administrativo/a

DOCUMENTO	DATA PRESENTACIÓN	(ÁREA XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL )/POSTO AO QUE SE REFIRE A ALEGACIÓN
240220406	12/07/2024	Postos da Área Xestión Patrimonial e Territorial
240220520		
240220466	12/07/2024	Solicita creación "xefatura Oficina" Área de Xestión Patrimonial e Territorial
240220242	12/07/2024	

DOCUMENTO	DATA PRESENTACIÓN	(OUTRAS ÁREAS OU SERVIZOS) POSTO AO QUE SE REFIRE A ALEGACIÓN
240211059	01/07/2024	Solicita creación de novo posto no Servizo de Medio Ambiente
240212260	03/07/2024	Solicita revisión das titulacións do posto na Área de Cultura
210220261	12/07/2024	Solicita creación de novo posto de traballo no OAR

Con carácter xeral, e antes de ir analizando a distintas alegacións presentadas en prazo, tal e como se establece no fundamento II do presente acordo, cómpre lembrar que a presente modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2024 ten por obxecto principal a actualización conforme ás modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que rexerán para o vixente ano 2024 e que foron aprobados polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 249 de data 29 de decembro de 2023, baséanse no informe técnico do anteproxecto do capítulo I dos orzamentos de 2024, con última data de sinatura do 23/10/2023, accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_INFOMRE%20T%C3%89CNICO%20RRHH.pdf) e na acta da mesa xeral de negociación colectiva da sesión extraordinaria 30/10/2023, accesible en [https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal\\_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf](https://hoxe.vigo.org/pdf/orzamentos/2024/persoal_ACTA%20MESA%20DE%20NEGOCIACION.pdf).

Igualmente, tendo en conta que a maioría das alegacións, con carácter xeral, se refiren á solicitude de revisión de diversos postos e dos seus complementos, e sen prexuízo da análise que se realice a continuación, reiteramos que, ante a necesidade dunha previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, tal e como se expuxo nos antecedentes, infórmase que actualmente xa está en execución o contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de

funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Tendo en conta as anteriores aclaracións, pasamos a analizar cada unha das alegacións presentadas que ordenaremos segundo o asunto principal alegado, a efectos da axilidade do procedemento e para non reiterar a mesma contestación en diferentes apartados.

**-Alegacións referidas á revisión de complementos do posto auxiliar de bibliotecas para equiparalos a postos similares de igual categoría:**

**-Doc. 240206773; Doc. 240206791; Doc. 240207095; Doc. 240207736.**

Solicítase a modificación á alza do complemento específico (CE) do posto de auxiliar de biblioteca, xa que resulta inferior ao asociado aos seus anteriores postos de inferior categoría, concretamente o de ordenanza porteiro/a, través dos cales accederon pola quenda de promoción interna ao posto actual. Solicitan igualmente que mentres non se revise o posto se vexa compensado con una produtividade.

En primeiro lugar cómpre aclarar que dado que estamos nun procedemento específico como é o da aprobación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT), tan só se tratarán as cuestións alegadas que teñan directamente relación co obxecto da citada RPT, non entrando a valorar outras cuestións totalmente alleas a esta procedemento (como pode ser a solicitude dun complemento de produtividade) que terá que ser tratado e resolto en outro procedemento distinto no que resulte procedente a súa tramitación.

Analizando a cuestión principal, efectivamente pódese comprobar que o CE do posto de auxiliar de biblioteca (subgrupo C2) é inferior ao de ordenanza porteiro (AP) . Agora ben, non é un suposto excepcional de que un posto de inferior categoría poida ter un CE superior a outro de superior categoría. En todo caso, para calquera modificación do CE, o artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, determina que o establecemento ou modificación do complemento específico exixirá, con carácter previo, que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás características expresadas no apartado 1 do mesmo artigo.

En este senso, e aos efectos desa necesaria valoración previa do posto, reiteramos que xa está en execución o contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Será aí onde se estableza que complementos que correspondan a cada posto en función da valoración que resulte dos traballos realizados no marco de execución do citado contrato, traballos nos que igualmente pode participar voluntariamente o persoal a través das enquisas que se puxeron a disposición dos empregados municipais do Concello de Vigo a través da Intranet Municipal.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

Polo exposto, as alegacións deben ser desestimadas sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

### **-Alegacións presentadas por persoal que presta servizos na Área de Benestar Social:**

**-Doc. 240217509, Doc. 240217760, Doc. 240217779, Doc. 240217791, Doc. 240218013, Doc. 240217868, Doc. 240218322, Doc. 240218343, Doc. 240218351, Doc. 240218503, Doc. 240219191, Doc. 240219230, Doc. 240218324, Doc. 240219247, Doc. 240219299, Doc. 240219355, Doc. 240220726, 240220720, Doc. 240220475, Doc. 240219603, Doc. 240219631, Doc. 240220508, Doc. 240218649, Doc. 240219021, Doc. 240219277, Doc. 240219306, Doc. 240219880, Doc. 240220347, Doc. 240220515.**

Solicítase que se produza unha equiparación do Complemento específico (CE) entre os postos que teñen a mesma denominación e que están adscritos dentro da mesma Área de Benestar Social, e máis concretamente cos postos de CEDRO.

A problemática xa solicitada e analizada en anteriores revisións da RPT, e que foi obxecto de varios pronunciamentos xudiciais ao respecto, vén motivada pola distinta valoración dos postos CEDRO, que contan con un CE superior ao resto de postos con igual denominación dentro da mesma Área de Benestar Social.

En primeiro lugar, a motivación da contestación para todas ás citadas alegacións, vén fundamentada na necesidade do recollido no artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, segundo a cal, calquera establecemento ou modificación do complemento específico exixirá con carácter previo que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás características expresadas no apartado 1 do mesmo artigo.

De igual xeito se pronunciaron os xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo con respecto a este mesmo tipo de reclamacións, citando a título de exemplo a sentenza 55/2024, do 7 de marzo, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº2, de Vigo e as sentenzas 24/2024, 28/2024 ou 39/2024, de 20 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1.

En este senso, e aos efectos desta necesaria valoración previa do posto, reiteramos que xa está en execución o contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Pero a maiores, e sen prexuízo do contestado anteriormente, cómpre lembrar que esta cuestión sobre a igualdade retributiva cos postos do CEDRO, foi xa tratada xudicialmente de xeito concreto, citando ao respecto a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, 363/2024, do 15 de maio, que parcialmente reproducimos:

*"...La recurrente no ha probado que concurran en el puesto por ella ocupado las condiciones de penosidad y peligrosidad que en su día dieron lugar al incremento del complemento específico de los trabajadores sociales de CEDRO, por lo que no existe base para la apreciación de la existencia de discriminación e injusto trato alegado.*

*Así, al pedirse igual complemento específico que los trabajadores de CEDRO y fundarse la reclamación planteada en que son iguales las circunstancias de prestación del servicio de esos trabajadores, no basta con que exista base para apreciar las condiciones genéricas de penosidad y peligrosidad, sino que tendría que acreditarse que son idénticas que las que padecen los de CEDRO, es decir, riesgo biológico sobreañadido, derivado del contacto habitual con personas que padecen enfermedades diagnosticadas tales como tuberculosis, hepatitis A-B-C, VIH, etc, e inseguridad potencial del desempeño de las funciones dado el perfil de los usuarios del servicio, caracterizado por un bajo nivel de autocontrol y la concurrencia de patologías diversas (politoxicomanías, trastornos duales, sociales, etc). Si lo que se quiere invocar es la concurrencia de peligrosidad y penosidad no derivada del contacto con toxicómanos o drogodependientes el lugar y momento idóneo es con ocasión del análisis y valoración que el Concello de Vigo está realizando, y en ese sentido la Sala coincide con el criterio del juzgador de primera instancia.*

*La ausencia de demostración en este litigio de la identidad de funciones y condiciones de trabajo de la demandante respecto a los trabajadores sociales de Cedro ha de conducir inexorablemente al fracaso de la presente reclamación.(...)"*

Precisamente a mencionada sentenza básase na súa fundamenación na doutrina establecida, entre outras na Sentenza Tribunal Constitucional 34/2004, de 8 de marzo de 2004, que concreta o sentido e alcance do principio de igualdade retributiva na interpretación do artigo 14 da CE, e nesta mesma liña se pronuncia o Tribunal Supremo en innumerables sentenzas a longo dos últimos quince anos (citando a título de exemplo STS 02/07/2008 (recurso 6416/05); 10/09/2009 (recurso 3988/05); 26/06/2011 (recurso 3124/10) ou 22/05/2012 (recurso 585/09) entre outras) coa mesma precisa conclusión: o éxito da pretensión de equiparación retributiva que se postula, queda condicionado a que media unha indentidade de cometidos e funcións entre os postos de traballo que se contrastan.

E precisamente dos traballos e resultados da execución do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT que se está levando a cabo, serán onde se determine se existe esa identidade e no seu caso a necesidade dunha revisión ou non dos complementos establecidos actualmente.

No marco dos citados traballos que se está realizando pola empresa consultora, entre os que se inclúe a entrevista coas distintas xefaturas de área dou servizo, consta no expediente 44340-220, e máis concretamente no referido á xefatura da Área de Benestar Social, citación para a celebración da procedente entrevista o pasado 19/06/2024 ás 8:00 horas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

Polo exposto, procede a desestimación das alegacións, sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

A este respecto, cómpre informar que se deron traslado das distintas resolucións xudiciais que afectan ao persoal de dita Área, a efectos da valoración que resulte procedente por parte da empresa adxudicataria.

### **-Alegacións referidas á Área de Xestión Patrimonial e Territorial: Doc 240220242 e Doc. 240220520.**

Os citados documentos versan sobre alegacións referidas, con carácter xeral, a propostas de cambios de determinados postos dentro da Área de Xestión Patrimonial e Territorial.

Concretamente o Documento 240220242 solicita que se recolla na RPT o posto de “xefa de Oficina” Código 305, dentro da citada Área.

Na mesma petición solicita que se recoñeza o desempeño dese posto dende o ano 2018.

En primeiro lugar, cómpre lembrar que, as reivindicacións referidas a recoñecementos individualizados de dereitos con efectos retributivos ou profesionais por parte do distinto persoal municipal, non son obxecto do presente procedemento de aprobación da Relación de postos de Traballo, e terán que ser, no seu caso, tramitados a través do procedemento que resulte procedente.

Con respecto á alegación da creación do posto de “xefa de Oficina”, será tratado conxuntamente na contestación á alegación realizada pola xefatura da citada Área (Doc. 240220520) na que se solicita o seguinte:

*A) Reflexo dos postos de Auxiliar e Auxiliar de Servizos Internos do Servizo de Patrimonio cos que constaba xa dotado este servizo na RPT do 2017 e que resultan imprescindibles para o desenvolvemento das funcións propias do servizo de Patrimonio.*

*B) Reflexo do posto de Administrativo co que constaba xa dotado este servizo na RPT do 2022 e anteriores.*

*C) Reconfigurar na Área, previa instrucción do procedemento necesario, o posto de “administrativo” para converterlo en “xefe de Oficina” pedido o 15 de outubro de 2018, con reiteración de ata tres ocasións.*

*D) Reflexo na Área do posto de “inspector” que recolle a RPT como “inspector de medio ambiente” no Servizo de Patrimonio histórico.*

*E) Previa instrucción do oportuno expediente, modificar o CE do posto de Xefa de Patrimonio histórico para igualalo ao da outra Xefatura de Patrimonio dependente da Área, isto é aplicar o CE 625 .*

*F) Que a vacante do posto 4130104 “Conservador de espazos naturais”, de réxime funcional, sexa incluído nun procedemento de promoción interna ao que poda acceder persoal de réxime laboral.*

*G) Que nos requisitos para a cobertura definitiva do posto 140101 “Xefe/a museos municipais” se realice a través dun proceso aberto a todas as administracións públicas.*

Con respecto ao anterior, cómpre facer as seguintes consideracións:

A presente modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo (RPT) 2024 ten por obxecto principal a actualización conforme ás modificacións introducidas pola aprobación dos orzamentos municipais que rexerán para o vixente ano 2024 e que foron aprobados polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2023, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 249 de data 29 de decembro de 2023, baséanse no informe técnico do anteproxecto do capítulo I dos orzamentos de 2024.

As solicitudes de revisión de diversos postos e dos seus complementos (en concordancia co disposto no artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local) así como unha posible reorganización ou restruturação de algunha Área ou Servizo, requiren dunha previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, e tal e como se expuxo nos antecedentes, actualmente xa está en execución o contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Dentro da metodoloxía de traballo que se está a realizar por parte da contratista, inclúese a elaboración dunha memoria por parte de cada unha das xefaturas do Concello de Vigo, para que sexan analizadas no marco de execución do citado contrato, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, pero sempre de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas.

Será pois nese traballo conxunto, onde se recollan e expoñan, entre outras, as necesidades das estruturas organizativas que forman parte das distintas Áreas e Servizos municipais, así como a procedencia ou non de creación de novos postos ou a revisión dalgún dos xa existentes, e coa obriga do artigo 38.3 da LEPG, segundo o cal, non pode existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

No marco dos citados traballos que se está realizando pola empresa consultora, entre os que se inclúe a entrevista coas distintas xefaturas de área dou servizo, consta no expediente 44340-220, e máis concretamente no referido á xefatura da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, citación para a celebración da procedente entrevista o pasado 27/06/2024 ás 9:30 horas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

A maiores, cómpre facer as seguintes consideracións dos postos concretos:

-Sobre o reflexo na Área do posto de “inspector” que recolle a RPT como “inspector de medio ambiente “ no Servizo de Patrimonio histórico, cómpre dicir que, por Acordo da Xunta de Goberno Local de 26/02/2016, en expediente administrativo 27697/220, foi nomeado como funcionario de carreira con cargo ás prazas vacantes de inspector/a de medio ambiente (OEP 2010-2011) o funcionario con nº persoal 15556.

Consta resolución de adscrición do devandito funcionario ao posto 255- inspector medio ambiente, dotación 2, no Servizo cód. 413- patrimonio histórico, de sinatura electrónica 05/04/2016, en expediente administrativo 27697/220.

O posto xa figura dentro de Patrimonio Histórico (e polo dentro da Área na que figura este servizo) dende a RPT 2010 así como nas posteriores, pero mantendo a denominación orixinal do posto, dado que a praza á que estaba asociada, e que foi obxecto da correspondente oferta de emprego público, era a de inspector de medio ambiente. Se o que se pretende é unha modificación do posto (incluída a denominación), deberá acudirse ao procedemento do tan citado artigo 4 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, onde se establezan as características concretas, as funcións asociadas ao posto, os seus complementos, etc, polo que pode ser outra das cuestións a propoñer para o seu análise por parte da empresa contratista.

En todo caso, sen prexuízo do anterior, a denominación da praza que figura en plantilla seguirá mantendo a denominación orixinal de “inspector de medio ambiente” na que o interesado tomou posesión en execución da correspondente oferta de emprego público.

- No referido a que a vacante do posto 4130104 “Conservador de espazos naturais”, de réxime funcional, para que sexa incluído nun procedemento de promoción interna ao que poda acceder persoal de réxime laboral, cómpre lembrar que o citado posto, foi obxecto de convocatoria no acordo da Xunta de Goberno Local (XLGL) de data 03/11/23, pola que se aprobaron os “Criterios xerais, Convocatoria e Bases reitoras do Concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo”, sendo publicado nos Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 21/11/2023, no Diario Oficial de Galicia de data 27/12/2023 Taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo e web municipal, e onde se motiva tecnicamente a inclusión dos postos convocados, motivación a cal nos remitimos (expediente 40685/220).

Actualmente a eficacia de dito acto foi suspendida por acordo da mesma XGL de data 22/12/2023, publicándose dito acordo de suspensión no BOPP de data 29/12/2023 e no taboleiro de anuncios do Concello.

- No que atinxe a que nos requisitos para a cobertura definitiva do posto 140101 "Xefe/a museos municipais" se realice a través dun proceso aberto a todas as administracións públicas, remitímonos ao recollido na memoria xustificativa da RPT 2022 onde se establece e motiva o sistema de provisión postos de traballo clasificados nos grupos A1 e A2 conforme as sentenza nº 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no R.C.A. procedemento abreviado nº 180/2020 e sentenza nº249/2018 do Xulgado Contencioso Administrativo de data 13.11.2018.

Sen prexuízo da anterior remisión, cómpre igualmente lembrar as limitacións establecidas expresamente no artigo 38. 5 da LEPG con respecto á posibilidade de abrir a provisión de postos a persoal de outras administracións públicas, segundo o cal:

*"As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente de outras administracións públicas, os cales no superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade".*

Polo exposto, procede a desestimación das alegacións, sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

#### **- Alegación para creación de posto "técnico de mostras", Doc. 240211059:**

En parte o escrito faise referencia a solicitude de modificación da RP, para que se inclúa unha praza (realmente posto) de "técnico de mostras" equiparable á de inspector de medio ambiente, e por outro lado o escrito refírese a reclamacións de carácter retributivo do solicitante.

Polo tanto, no presente informe referirémonos tan só a aquela alegación que estea ligada co obxecto do presente expediente de modificación de RPT, non entrando a valorar o resto das cuestións (como pode ser a solicitude dun complemento de produtividade) que terá que ser tratado e resolto en outro procedemento distinto no que resulte procedente a súa tramitación.

As solicitude de revisión de diversos postos e dos seus complementos (en concordancia co disposto no artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local), así como unha posible reorganización ou restruturação de algunha Área ou Servizo, requiren dunha previa análise, avaliación e revisión da RPT no seu conxunto, e tal e como se expuxo nos antecedentes, actualmente xa está en execución o contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).





## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

Será pois nese traballo conxunto, onde se recollan e expoñan as necesidades dos postos que forman parte da organización municipal, correspondéndolle no caso concreto á xefatura de Medio Ambiente a proposta de reorganización motivada do servizo que inclúa a creación do citado posto a través da correspondente memoria que lle foi requirida, pero sempre de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, e coa obriga do artigo 38.3 da LEPG, segundo o cal, non pode existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

Polo exposto, procede a desestimación das alegacións, sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

### **- Alegación referida ás titulacións do posto Xefe/a de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, Doc. 240212260:**

No citado escrito, en síntese, recóllense as seguintes alegacións: Que dentro do período de exposición ao público da actual RPT, se proceda a corrixir o erro ou omisión cometida na aprobación da última RPT do Concello de Vigo, procedendo a incluír, pola tipoloxía e características de xestión do posto de Xefe/a de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, todas as titulacións 1 e 2, do mesmo xeito que outras xefaturas de servizo do Concello ou cando menos, con titulación 1.

Subsidiariamente, que dentro do período de exposición ao público da actual RPT, se proceda a corrixir o erro ou omisión cometida na aprobación da última RPT do Concello de Vigo, procedendo a incluír, pola tipoloxía e características de xestión do posto de Xefe/a de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a maiores o código de titulación 76 "Grao en xeografía e historia ou Grado en historia ou equivalente".

Para contestar a estas alegacións, remitímonos en primeiro lugar ao contestado ao mesmo solicitante en data 10/06/2024, no expediente 44589-220, contestación que transcribimos parcialmente a continuación:

"No referido ao posto Xefe/a de Servizo de Xestión e Promoción Cultural (3280101) na Área de Cultura (328) constan os seguintes antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/07/2011 aprobouse a modificación puntual da RPT (Expediente 22198/220), coa reasignación do posto de traballo denominado "xefe/a do servizo administrativo e de control orzamentario da Área de Servizos Xerais" adscrito á Área de Servizos Xerais, posto ocupado polo interesado na devandita data, á Área de Cultura e Festas redenominao o mesmo como "xefe/a do servizo de xestión e promoción cultural".

3: En consecuencia, o posto “xefe/a de Servizo e Xestión e Promoción Cultural” inclúese por primeira vez na actualización da seguinte RPT que foi aprobada (documento RPT 2017) e compróbase que non consta a titulación con código 76.

En concreto, na RPT do Concello de Vigo correspondente ao ano 2017 constan as seguintes titulacións, salvo erro ou omisión, en relación co posto XEFE/A SERVIZO DE XESTIÓN E PROMOCIÓN CULTURAL:

12/20/22/23/24/33/34/35/36/40/64/65/66

4: Código que, polo tanto, non figura nas seguintes actualizacións do documento RPT.

- Na RPT do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022 constan as seguintes titulacións, salvo erro ou omisión, en relación co posto XEFE/A SERVIZO DE XESTIÓN E PROMOCIÓN CULTURAL:

12-20-22-23-24-33-34-35-36-40-64-65-66

- Na RPT do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023 constan as seguintes titulacións, salvo erro ou omisión, en relación co posto XEFE/A SERVIZO DE XESTIÓN E PROMOCIÓN CULTURAL:

12-20-22-23-24-33-34-35-36-40-64-65-66.

Polo tanto, ao contrario do expresado no escrito do solicitante, sobre que se trata un erro material da última RPT aprobada, cómpre dicir que, revisadas as RPTs do anos anteriores ao ano 2023 aprobadas polo Concello de Vigo, as titulacións requiridas no citado posto xa eran as mesmas dende que tivo lugar a reconfiguración de posto e a súa inclusión en RPT.

En consecuencia, a súa posterior modificación excedería da simple rectificación de erros regulada no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O histórico de documentación de RPT o pode consultar no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, no seguinte enlace:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=es>

Sen prexuízo do anterior, infórmase que, a Xunta de Goberno Local, no expediente 43010/220, e en sesión de data 19/04/2024, acordou adxudicar o procedemento aberto para a contratación de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo; contrato no marco do cal se analizará e avaliará a totalidade do postos de traballo en concordancia igualmente coas resolucións xudiciais existentes e que fosen declaradas firmes na materia.

Polo tanto, elevarase a súa consulta ao contratista no marco do devandito procedemento de revisión da RPT.”

Por outro lado, convén lembrarlle ao alegante que o Anexo incorporado na RPT recolle os contidos mínimos establecidos conforme ao artigo 38.4 da LEPG e forma parte inseparable



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

do acordo de aprobación da propia RPT, polo que a súa modificación está sometido ao mesmo procedemento de aprobación de todo o instrumento organizativo.

Non obstante, e sen prexuízo do anterior e das posibles revisións que resulten dos traballos que está a realizar a empresa consultora sobre a RPT, revisado o expediente persoal do interesado, consta achegada titulación susceptible de correlación co código 66, recollido entre as titulacións do posto que actualmente ocupa de Xefe/a Servizo de Xestión e Promoción Cultural.

Polo exposto, procede a desestimación das alegacións, sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

### **- Alegación da xefatura de Asistencia en Materia de Rexistro e Información. Doc. 210220261:**

A xefatura de Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro e Información, solicita a creación dun posto de Xefatura de Servizo da OAR para lograr a unificación organizativa de dúas xefaturas que constan no servizo (oficina do rexistro e negociado de información) para o axuste ao modelo dunha xefatura técnica de proximidade, asegurando o dimensionamento e racionalización da nova estrutura da OAR (que engloba a unificación da oficina do Rexistro e do servizo de Información cun total de 17 postos na RPT) sen prexuízo da súa dependencia orgánica da Secretaría de Goberno Local en aplicación ao disposto no Real Decreto 128/2018.

Tal e como se expuxo nos antecedentes, xa está en execución o contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220).

Será pois nese traballo conxunto, onde se recollan e expoñan as necesidades dos postos que forman parte da organización municipal, correspondéndolle neste caso á Secretaría do Goberno Local a presentación dunha memoria ou proposta de reorganización motivada do servizo que poida incluír, se é o caso, a necesidade da creación do citado posto, sempre de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, e coa obriga do artigo 38.3 da LEPG, segundo o cal, non pode existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

Polo exposto, procede a desestimación das alegacións, sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

**- Constan presentadas fóra do prazo concedido aos efectos, as seguintes alegacións cos seguintes número de documentos Doc 240220742 e Doc 240220738, presentados en data 13/07/2024 pola funcionaria con número de persoal 22734;**

O acordo de aprobación inicial da RPT 2024, foi sometido a información pública por un prazo de 20 días hábiles a efectos de presentación de alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP), que tivo lugar concretamente no BOPP de data 14/06/2024, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Conforme ao artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), os termos e prazos establecidos en esta ou outras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados nos mesmos.

E xa no referido ao seu cómputo, o artigo 30.3 da mesma LPACAP dispón que, os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou dende o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo.

Polo tanto, o prazo concedido para a presentación de alegacións, de conformidade co anteriormente exposto, finalizaba o 12/07/2024.

Esta inadmisión fai que non se entre no fondo do asunto, e que son referidos exclusivamente a cuestións de valoracións que a propia interesada realiza do seu posto.

A vista do exposto, deben inadmitirse por extemporáneos os documentos Doc 240220742 e Doc 240220738

## **V- SOMETEMENTO A FISCALIZACIÓN PREVIA**

Sobre a necesidade de sometemento a fiscalización previa da aprobación da relación de postos de traballo, xa ten informado a Intervención Xeral Municipal, transcribíndose parcialmente a continuación o informe incorporado no expediente 1690-110 (aprobación da RPT 2022):

*(...)En primeiro lugar, debemos sinalar que a modificación da RPT non ten efecto económico ata que se modifique, no seu caso, o cadro de persoal orzamentario (Sentenza do Tribunal Supremo 20.05.2011. Sala terceira. Sección Sétima. Recurso 1345/2009), polo que non é necesario para a aprobación da modificación da RPT certificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.*

*Podemos concluír, polo tanto, que as modificacións da RPT non son actuacións sometidas ao exercicio da función interventora, xa que non supoñen a aprobación de gastos nin a execución de ningunha das fases de execución orzamentaria do orzamento de gastos da entidade (A, D, O, P). Tampouco son actuacións obxecto de control financeiro permanente, xa que a normativa vixente non establece a necesidade de informe de intervención neste tipo de expedientes, e o apartado 32.1.a) do R.D. 424/2017 refírese a actuacións planificables e, polo tanto, seleccionables sobre a base dunha análise de riscos para a súa inclusión no Plan Anual de Control Financeiro.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

*Pola súa beira, o artigo 126.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a modificación do cadro de persoal orzamentario durante a vixencia do orzamento requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación daquel, e o artigo 4.1 b) 2 do R.D. 128/2018 dispón que o exercicio do control financeiro incluíra as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como o informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes, polo que a modificación do cadro de persoal orzamentario, necesaria para que, en todo caso, unha modificación de RPT teña efectos económicos, é unha actuación obxecto de control financeiro permanente non planificable.*

*Polo que, en definitiva, a modificación da RPT non é obxecto de función interventora nin de control financeiro permanente de carácter previo e obrigatorio, sen prexuízo de que tal actuación sexa obxecto de control a posteriori se tras unha análise de riscos resulta seleccionada para a súa incorporación no PACF, salvo cando a modificación da RPT supoña ao tempo unha modificación do cadro de persoal orzamentario ou do anexo de persoal do orzamento, ou unha modificación de crédito, casos nos que si procede a emisión dun informe de control financeiro (non de fiscalización previa) derivado da aplicación dunha norma legal, debendo nestes casos, analizar se afecta as limitacións sobre incremento de gasto de persoal establecida para cada exercicio na correspondente LOXE.”*

Dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta de modificación, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria, darase traslado á Intervención Municipal para que informe sobre as consideracións que estime procedentes.

### **VI- SOMETEMENTO A INFORME OU NOTA DE CONFORMIDADE DA ASESORÍA MUNICIPAL**

*Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:*

*“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:  
6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.*

*4. La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”*

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.

### **VII -PROCEDEMENTO E ÓRGANO COMPETENTE:**

Someteuse a correspondente proposta a negociación colectiva conforme ao artigo 37.1.c) do TREBEP, na que consta acordo por unanimidade das partes, segundo consta na acta incorporada ao expediente; consta o presente informe xurídico coa proposta do técnico de administración xeral conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación ( e a conformidade da Titular da Asesoría Xurídica.

Queda pendente o informe de fiscalización da Intervención Municipal, sinalándose a súa necesidade no informe proposta.

Unha vez que sexa aprobado inicialmente polo órgano competente, suxéitase ao preceptivo trámite de información pública (artigo 202 LEPG).

O órgano competente para a aprobación da relación de postos de traballo e, en consecuencia, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, e previa solicitude de informe á Intervención Xeral, realízase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Desestimar as alegacións presentadas contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/06/2024, de aprobación inicial da Relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Vigo 2024, (expediente 43933/220) , conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, presentados por distinto persoal municipal e a través dos seguintes número de documentos:

<b>Doc.</b>	<b>Data</b>	<b>Apelidos, Nome</b>
240206773	25/06/2024	CARIDE GRANDAL, E.
240206791	25/06/2024	VAS COSTA, M. (Sección Sindical UGT Concello de Vigo)
240207095	26/06/2024	EXPÓSITO OLALLA, L.
240207736	26/06/2024	AGUIAR CASTRO, C.
240211059	01/07/2024	VILLAVERDE VILLAVERDE, J. M.
240212260	03/07/2024	LÓPEZ MOURE, J.
240217509	09/07/2024	DÍAZ SÁNCHEZ, M.
240217760	10/07/2024	SIERRA ABRAIN, M.
240217779	10/07/2024	ROSENDE VILLAR, M. E.
240217791	10/07/2024	LOBATO ANTON, P.
240218013	10/07/2024	COSTAS LORENZO, T.
240217868	10/07/2024	AMBOAGE GARCÍA, C.
240218322	10/07/2024	GÓMEZ ÁLVAREZ, M. B.
240218324	10/07/2024	IGLESIAS MARTÍNEZ, C.
240218343	10/07/2024	GARCÍA GARCÍA, M.
240218351	10/07/2024	VÁZQUEZ OTERO, E.
240218503	10/07/2024	GÓMEZ FIGUEIRO, P.
240218649	11/07/2024	GIL VICENTE, L.
240219021	11/07/2024	GARCÍA VILLASANTE, J. M.
240219191	11/07/2024	MARTÍNEZ RAMOS, E.
240219230	11/07/2024	JORGE ALVAREZ, M.
240219247	11/07/2024	MURILLO DIAZ, A.



## CONCELLO DE VIGO

Expte.1739/1102

240219277	11/07/2024	CRESPO HARRISON, A. A.
240219299	11/07/2024	ELVIRA MUÑIZ, T.
240219306	11/07/2024	RODRIGUEZ MIGUELEZ, S.
240219355	11/07/2024	SUAREZ MARTINEZ, M.
240220475	12/07/2024	ANDRADE TELLO, M.
240220726	12/07/2024	RIOBO VEIGA, L.A.
240220720	12/07/2024	RIOBO VEIGA, L.A.
240219603	12/07/2024	ROMERO QUINTANA, M.
240219631	12/07/2024	GARCIA MARTIN, A.
240219880	12/07/2024	LANDIN LORENZO, M.
210220261	12/07/2024	COMESAÑA TRIGO, X.V.
240220347	12/07/2024	ÁLVAREZ OUTEIRO, I.
240220406	12/07/2024	ÁREA XESTIÓN PATRIMONIAL E TERRITORIAL
240220466	12/07/2024	BILBAO ECHEGARAY, M. I.
240220242	12/07/2024	BILBAO ECHERAGAY, M. I.
240220508	12/07/2024	BARCIELA LEDO, N.
240220515	12/07/2024	GONZÁLEZ ESTÉVEZ, P.
240220520	12/07/2024	RIOBÓ IBAÑEZ, M.

-Todo o exposto sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo (expediente 43010/220).

**SEGUNDO:** Inadmitir por extemporáneas as alegacións presentadas a través dos documentos Doc 240220742 e Doc 240220738, pola funcionaria TEJEIRO GUERREIRO, M. R..

**TERCEIRO:** Aprobar definitivamente a Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2024, de conformidade co recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio, corrección de erros materiais e axustes recollidos nos antecedentes e fundamentos do presente informe xurídico con proposta de resolución e que se incorporan no Anexo I.

**CUARTO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e remitir copia do mesmo aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Comunidade autónoma de Galicia, conforme ao disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

**QUINTO:** Remitir copia do presente acordo á Dirección Superior Contable e Orzamentaria para o axuste que proceda dende o punto de vista orzamentario, conforme ao disposto nas consideracións xurídicas do presente acordo, e dado que o vixente instrumento constituirá a memoria organizativa básica para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Xerais para o ano 2025.

1	3030101	ENCARGADO SERVIZO CEMITERIOS	18	307	16.035,18 €	C1	S	AE	CE	C	3			1
1	3030102	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			1
1	3030103	INSPECTOR/A AUXILIAR CEMITERIOS	18	153	14.249,76 €	C2	S	AE	CE	C	4			1
2		CAPATAZ CEMITERIOS	18	307	16.035,18 €									1
2	3030205	OFICIAL ALBANEL	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	4			1
2	3030206	OFICIAL SEPULTUREIRO	16	172	11.696,44 €	C2	N			C	4		1 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	15
<b>310 – SANIDADE</b>														
1	3100101	TÉCNICO/A SANIDADE E SALUBRIDADE	26	680	21.255,5 €	A1	N	AE	TS	C	101-103			3
1	3100102	INSPECTOR/A SANIDADE, VERTIDOS E SALUBRIDADE PUB.	20	153	14.249,76 €	C1	S	AE	CE	C	4			1
1	3100103	INSPECTOR/A SANIDADE	20	153	14.249,76 €	C1	N	AE	CE	C	4			1
1	3100104	XEFE/A NEGOCIADO SANIDADE	22	320	13.892,2 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
1	3100106	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			1
<b>311 - CONTROL DE PRAGAS</b>														
1	3110101	OFICIAL DESINFECTOR/A	16	157	11.327,96 €	C2	N				4		2 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	2
2	3110201	OFICIAL DESINFECTOR/A	16	157	11.327,96 €	C2	N				4			3
<b>612 - VIGO ZOO</b>														
1	6120103	CONSERVADOR/A	25	401	21.255,5 €	A2	N	AE	CE	C	21-28-29		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
1	6120104	TÉCNICO/A EDUCACIÓN AMBIENTAL E INTERPRE. ZOO	26	690	17.975,3 €	A1/A2	S	AE	TS-TM	C	1-2			1
2	6120201	DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO	26	400	25.046 €	A1	S			C	1		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
2	6120202	VETERINARIO - ZOO	26	302	27.265,84 €	A1	N			C	29		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
2	6120205	ADMINISTRATIVO/A - ZOO	19	403	12.523,28 €	C1	S			C	3			1
2	6120206	CAPATAZ - ZOO	18	407	15.329,72 €	C2	S			C	4			1
2	6120208	RESPONSABLE DE INSTALACIÓNS - ZOO	18	306	17.628,52 €	C2	S			C	4			1
2	6120209	OFICIAL COIDADOR, MANTEMENTO, VIXILANCIA E CONTROL	16	409	12.155,08 €	C2	N			C	4		3 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal Un posto correspondente a persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial	12
<b>322 - INSTITUTO MPAL. EDUCACIÓN</b>														
1	3220101	TÉCNICO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS	26	680	21.255,5 €	A1	N	AE	CE	C	1			1
1	3220102	ORDENANZA PORTEIRO	14	566	10.247,16 €	AP	N	AG	SUB	C			Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	1
1	3220103	TÉCNICO/A MEDIO ACTIV. CULTURAIS E EDUCATIVAS	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	SE CE	C	2			1
<b>332 - EDUCACIÓN</b>														
1	3320101	XEFE/A NEGOCIADO ESCOLAS MUNICIPAIS	22	320	13.892,2 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
2	3320102	AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS	16	159	10.668 €	C2	N	AE	CE	C	4			1
1	3320103	ENCARGADO/A OFICINA TCA. EDUCACIÓN	20	88	17.283,7 €	C1	S	AE	TAUX	C	3			1

REL. EMP.	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2024	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
1	3320104	AXUDANTE TÉCNICO EDUCACIÓN	16	162	10.451,42 €	C2	S	AE	CE	C	4			1
2	3320206	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	17	409	12.155,08 €	C2	N			C	4			1
1		OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	6		2 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	2
2	3320207	OFICIAL INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	6		1 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	26
2	3320208	OFICIAL SEPULTUREIRO	16	172	11.696,44 €	C2	N			C	4			1
2	3320209	AXUDANTE MANTEMENTO	14	550	13.034,14 €	AP	N			C			Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	1
2	3320210	VIXIANTE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	14	562	10.891,44 €	AP	N			C			Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	8
<b>342 - ADMINISTRACIÓN XERAL DE EDUCACIÓN</b>														
1	3420101	XEFE/A SERVIZO EDUCACIÓN	28	625	35227,64 €	A1	S	AG/AE	ST/TS	CE	1			1
1	3420102	TÉCNICO/A RESPONSABLE EDUC. ADULTOS	26	670	22.527,4 €	A1/A2	S	AE	TS-TM	C	1-2			1
1	3420103	XEFE/A NEGOCIADO EDUCACIÓN	22	320	13.892,2 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
1	3420104	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			2
1	3420105	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			3
<b>613 - EMAO</b>														
1	6130103	MESTRE/A FORMACIÓN EMAO	22	140	14.317,94 €	C1	N	AE	CE	C	3		4 Plazas asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	6
1	6130107	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
2	6130201	XEFE/A ESTUDOS EMAO	26	680	21.255,5 €	A1	S			C	1			1
2	6130203	MESTRES DE FORMACIÓN - EMAO	22	140	14.317,94 €	C1	N			C	3		4 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	4
2	6130204	MESTRES DE OFICIOS - EMAO	25	15	15.813,28 €	A2	N			C	2		1 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	2
2	6130208	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	16	159	10.668 €	C2	N			C	4			2
2	6130209	ORDENANZA - EMAO	14	566	10.247,16 €	AP	N			C			Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	1
2	613102	TÉCNICO/A DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO	26	680	21.255,5 €	A1	N			C	1		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
2	613105	TÉCNICO/A MEDIO BIBLIOTECA	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	TM	C	2		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1
<b>104 - TURISMO</b>														
1	1040101	XEFE/A TURISMO	26	650	26.681,9 €	A1/A2	S	AE	TS-TM	CE	12-20-22-23-24-33-34-35-36-40-64-65-66-72			1
1	1040102	TÉCNICO/A ACTIVIDADES TURÍSTICAS	25	690	17.975,3 €	A2	S	AE	TM	C	72			1
1	1040103	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			1
2	1040204	ADMINISTRATIVOS SERVIZOS TURÍSTICOS	19	316	10.819,48 €	C1	S			C	3		3 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	3
<b>333 - XUVENTUDE</b>														
1	3330101	XEFE/A XUVENTUDE	26	650	26.681,9 €	A1/A2	S	AE	TS-TM	CE	1-2			1
1	3330102	TÉCNICO/A MEDIO ACTIV. CULTURALS E EDUCATIVAS	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	CE	C	2	Actividades culturais e educativas		1
1	3330103	ENLACE INFORMÁTICO XUVENTUDE	16	142	14.317,94 €	C2	S	AG/AE	AUX/ CE	C	4			1
1	3330204	INSPECTOR AUXILIAR DE SERVIZOS	18	153	14.249,76 €	C2	N	AE	CE	C	4			1
2	3330205	AXUDANTE OFICIOS	14	562	10.891,44 €	AP	N			C			Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	1
<b>16 - DEPORTES</b>														
1	1500101	XEFE/A NEGOCIADO DEPORTES	22	320	13.892,2 €	C1	S	AG	ADTVA	C	3			1
1	1500102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1

REL. EMP.	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2024	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT	
1	1500103	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			1	
<b>611 - SERVIZO MUNICIPAL DEPORTES</b>															
1	6110106	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3		Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	1	
2	6110201	XEFE/A SERVIZO DEPORTES-DIRECTOR DEPORTIVO	28	625	35.227,64 €	A1	S			LD	103			1	
2	6110202	ADXUNTO/A XEFATURA SERVIZO DEPORTES-DTOR. TÉCNICO	27	635	31.084,2 €	A1	S			CE	103			1	
2	6110203	COORDINADOR DEPORTIVO	26	14	26.046,16 €	A1/A2	S			C	103			1	
2	6110204	TÉCNICO/A DEPORTES	25	17	16.768,78 €	A2	S			C	101			1	
2	6110205	ADXUNTO/A COORDINADOR DEPORTIVO	22	92	22.277,36 €	C1	S			C	3			1	
2	6110207	ADMINISTRATIVO/A REX. LABORAL	19	317	11.851,28 €	C1	N			C	3			3	
2	6110208	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	16	159	10.668 €	C2	N			C	4			2	
2	6110209	XEFE/A MANTEMENTO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	18	91	17.198,02 €	C1	S			C	3			1	
2	6110210	XEFE/A UNIDADE MANTEMENTO E TALLER DEPORTES	18	91	17.198,02 €	C1	S			C	3			1	
2	6110211	OFICIAL INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	16	151	12.459,72 €	C2	N			C	4		1 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	20	
2	6110212	OFICIAL MANTEMENTO DEPORTES	16	151	12.459,72 €	C2	N			C	4		3 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	10	
2	6110213	CONSERXE RESPONSABLE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	17	310	13.305,88 €	C2	N			C	4			3	
2	6110215 4460113	AXUDANTE MANTEMENTO	14	550	13.034,14 €	AP	N			C			9 Plaza asociada incluída na OEP estabilización do emprego temporal	9	
2	6110214	AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES	14	858	11.275,18 €	AP	N			C			Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo Non se require estar en posesión de ningunha titulación das previstas no sistema educativo	4 postos ocupados por persoal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial	5
<b>225 - NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA</b>															
1	2250101	XEFE/A/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	26	660	25046 €	A1	S	AE	TS	C		Celga 5	Grao en estudos de galego e español, en lingua e literatura galegas, en galego-portugués ou licenciaturas equivalentes, ou calquera outro grao ou licenciatura da Área de coñecemento de humanidades ou ciencias sociais e xurídicassegundo o espazo MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).	1	
1	2250101	TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	26	680	25.046 €	A1/A2	S	AE	TS-TM	C	10-39	Celga 5		1	
1	2250102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1	
<b>331 - IGUALDADE</b>															
1	3310101	XEFE/A IGUALDADE	26	650	26.681,9 €	A1/A2	S	AE	TS-TM	CE	1-2			1	
1	3310102	ASESOR/A XURÍDICO/A	26	680	21.255,5 €	A1	N	AG/AE	ST/TS	C	6			1	
1	3310103	PSICÓLOGO/A	26	680	21.255,5 €	A1	N	AE	TS	C	13			2	
1	3310104	AXENTE IGUALDADE OPORTUNIDADES	25	690	17.975,3 €	A2	S	AE	CE	C	34-35-36-39-40-59-60-61-64-65-66-67-79-102-104	Coñecemento en xénero e/ou igualdade de oportunidades		1	
1	3310105	DIPLOMADO/A TRABALLOS SOCIAIS	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	TM	C	36			1	
1	3310106	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1	
1	3310107	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			2	
<b>106 - COMERCIO</b>															
1	1060101	XEFE/A COMERCIO	26	640	28794,5 €	A1/A2	S	AE	CE	C	1-2			1	
1	1060102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1	



REL. EMP	REF POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	C.D.	C.E.	IMP. 2024	GR	TP	ES	CP/ SBE/ CL	FP	TIT.	FORM ESP.	OBS.	DOT
<b>446 - MONTES PARQUES E XARDÍNS</b>														
1	4460101	XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDÍNS	26	640	28794,5 €	A1/A2	S	AE	TS/TM	CE	51-73-74			1
1	4460102	ADXUNTO/A XEFE/A MONTES, PARQUES E XARDÍNS	26	650	26681,9 €	A1/A2	S	AE	TS/TM	CE	1-2			1
1	4460103	ENXEÑEIRO/A MONTES	26	680	21.255,5 €	A1	N	AE	TS	C	51-73-74			1
1	4460104	ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	26	680	21.255,5 €	A1	N	AE	TS	C	46			1
1	4460105	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL	26	680	21.255,5 €	A2	N	AE	TM	C	74			1
1		TÉCNICO/A XESTIÓN	25	690	17.975,3 €	A2	N	AE	CE	C	2			1
1	4460106	DELINEANTE	21	312	12.935,58 €	C1	N	AE	T AUX	C	62			1
1	4460107	XEFE/A NEGOCIADO	22	320	13.892,2 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			1
1	4460108	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			2
1	4460111	INSPECTOR/A CONTROL CONCESIONARIAS	20	153	14.249,76 €	C1	N	AE	CE	C	3			3
1	4460112	CAPATAZ MONTES PARQUES E XARDINS	18	307	16.035,18 €	C1	S			C	3			2
1	4460113	AUXILIAR	16	159	10.668 €	C2	N	AG	AUX	C	4			1
2	4460210	OFICIAL SERV.INTERNOS-XARDINS	16	157	11.327,96 €	C2	S			C	4			1
2	4460213	XEFE/A EQUIPO OFICIOS	17	409	12.155,08 €	C2	N			C	4			1
2	4460214	OFICIAL ALBANEL	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	4			1
2	4460216	OFICIAL CARPINTEIRO/A	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	4			1
2	4460217	OFICIAL FONTANEIRO/A	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	4			1
2	4460218	OFICIAL XARDINEIRO/A	16	157	11.327,96 €	C2	N			C	4			10
<b>329 - SERVIZO DE FESTAS</b>														
1	3290101	XEFE/A SERVIZO FESTAS	26	650	26.681,9 €	A1/A2	S	AE	CE	CE	12-15-20-22-23-24-25-26-33-34-35-36-40-42-46-50-56-59-64-65-66-67-75-76			1
1	3290102	ADMINISTRATIVO/A	19	317	11.851,28 €	C1	N	AG	ADTVA	C	3			2
2	3290103	AUXILIAR SERVIZOS INTERNOS	16	159	10.668 €	C2	N	AE	CE	C	4			1

## CLAVES EMPREGADAS E O SEU SIGNIFICADO

### 1.- Destino

É a unidade administrativa ou o servizo ao que o que se adscribe o posto no organigrama da Administración municipal.

### 2.- Relación de emprego

Esta columna informa da relación xurídica existente co Concello entre as posibles: funcional (01), laboral (02), eventual (03)

### 3.- Referencia do posto

Esta columna informa sobre o código identificativo individual de cada cada posto ou grupo de postos con idéntica denominación, requisitos e características.

### 4.-Denominación do posto

A denominación do posto deberá axustarse da forma que mellor e máis sinteticamente exprese o seu contido ou actividade, evitando duplicidades con outros xa existentes que teñan contidos diferentes.

### 5.- NIVEL- CD- NIVEL COMPLEMENTO DE DESTINO

En aplicación da modificación efectuada pola disposición transitoria sexta do Real Decreto-lei 6/2023, de 19 de decembro, *por el que se aprueban medidas urgentes para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia en materia de servicio público de justicia, función pública, régimen local y mecenazgo*, resultarían os seguintes niveis de intervalos mínimos e máximos en función dos distintos grupos e subgrupos:

CORPOS O ESCALAS	NIVEL MÍNIMO	NIVEL MAXIMO
GRUPO A1	24	30
GRUPO A2	20	26
GRUPO C1	16	22
GRUPO C2	14	18
AGRUPACIÓN PROFESIONAL	10	14

#### 6.- CE= COMPLEMENTO ESPECIFICO

Reflicte o importe anual en euros do complemento específico global asignado ao posto

#### 7.- GR= GRUPO

Cada posto adscríbese a un grupo ou subgrupos dos grupos ou subgrupos segundo clasificación establecida no artigo 76 e disposición adicional sétima da lei 7/2007, do 12 de abril (A1, A2, C1, C2 ,AP).

#### 8.- TP= TIPO DE POSTO

Os Postos poden ser SINGULARIZADOS (S) cando pola súa denominación e características se diferencian dos restantes e NON SINGULARIZADOS (N). Nos postos eventuais de confianza ou asesoramento especial consignaranse a clave E na columna.

#### 9.- ESCALA

Esta columna informa das escalas de administración xeral (AG) ou especial (AE) ou de habilitación nacional (HN) do persoal funcionario de carreira

#### 10. – SBE= SUBESCALA .

Utilizaranse as seguintes claves en cada columna para reflectir a subescala /Clase

SECRET = Secretario. IT = Interventor. IT = Tesoureiro. T = Subescala Técnica. ADTVA = Subescala Administrativa. AUX = Subescala Auxiliar. SUB = Subescala Subalterna. TS= Subescala Técnica Superior. TM= Subescala Técnica Media TAU=Subescala Técnica Auxiliar. PL = Policía Local. SE = Servizos Especiais. EXT.INC=Servizo Extinción de Incendios. CE = Cometidos Especiais.

#### 11.- FP = FORMA DE PROVISIÓN.

Esta columna informa da forma de provisión dos postos: por concurso ordinario (C), concurso específico (CE), nomeamento polo pleno (NP) ou por libre designación (LD), o cal haberá de reflectirse nas bases da convocatoria que corresponda.

Para iso terase en conta o seguinte:

1. A regra xeral é o concurso ordinario.
2. O concurso específico, de acordo co contido do artigo 91.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), é a forma de provisión das xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, salvo aqueles que, polos seus especiais características segundo consta na memoria de data sinatura dixital de data 13.04.2022, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.
3. Son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022.
4. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:

- Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.

- Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local

- Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

b) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.

c) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais.

d) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado( elaboración de instrumentos de organización, planificación e ordenación),

5 - Aqueles órganos directivos da Administración Municipal conforme o artigo 130 da LRBRL

- O/a secretario/a de Goberno Local (Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).

- A titular da asesoría xurídica.

- O secretario xeral del Pleno.

- O interventor xeral municipal.

Así mesmo serán obxecto de provisión a súa lexislación específica

- Tesoureiro: (artigo 92 da LRBRL)

- Postos de colaboración; interventor/a adxunto, Viceinterventor/a adxunto/a e Secretario/a de Administración Municipal(artigo 15 do Rd 128/de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

- Tribunal económico administrativo: o presidente, vogal e secretario (artigo 137 da LRBRL)

- Superintendente Xefe/a Policía Local artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais relativo ao nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local)

Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao

establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xefatura de departamento/xefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.

### 3. Concurso de méritos

Constitúe o sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria.

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso todos o postos para os cales non se determine de forma expresa a súa provisión polo sistema de libre designación ou concurso específico.

A ditos efectos os concursos de traslados realizaranse antes de cada proceso selectivo libre para que o funcionario/a tome posesión do posto definitivo con anterioridade á incorporación do persoal de nova entrada. “

### 12.- TITU=TITULACIÓN

Os grupos de titulación da RPT son os que figuran especificamente en dita columna ben mediante a súa consignación específica ou ben mediante os e códigos determinados segundo o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 9 de xullo de 2012 (BOP PO 18.09.2012)

1.- Grao ou equivalente.

101.- Grao Rama Ciencias ou equivalente.

102.- Grao Rama Ciencias Sociais e xurídicas ou equivalente.

103.- Grao Rama Ciencias da saúde ou equivalente

104.- Grao Rama Arte e Humanidades ou equivalente

105.- Grao Rama enxeñería e arquitectura ou equivalente

2.- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente.

3.- Bacharelato superior, F.P II ou equivalente.

4.- Graduado, escolar FP1 ou equivalente.

5.- Certificado de escolaridade.

6.- Grao en dereito, ou equivalente.

7.- Grao en ciencias políticas e socioloxía (agás que a Lei o prohiba incluíse a licenciatura en ciencias políticas e da administración) ou equivalente.

- 8.- Grao en ciencias económicas ou empresariais ou equivalente.
- 9.- Grao en física ou equivalente.
- 10.- Grao en filoloxía galega ou equivalente.
- 11.- Grao en documentación ou equivalente.
- 12.- Grao en filosofía e ciencias da educación ou equivalente.
- 13.- Grao en psicoloxía ou equivalente.
- 14.- Grao en matemáticas ou equivalente.
- 15.- Grao en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
- 16.- Grao en periodismo ou equivalente.
- 17.- Grao en comunicación audiovisual ou equivalente.
- 18.- Grao en ciencias actuariais ou equivalente.
- 19.- Grao en químicas ou equivalente.
- 20.- Grao en belas artes ou equivalente.
- 21.- Grao en ciencias ambientais ou equivalente.
- 22.- Grao en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
- 23.- Grao en pedagogía ou equivalente.
- 24.- Grao en socioloxía ou equivalente.
- 25.- Grao en historia da arte ou equivalente.
- 26.- Grao en psicopedagogía ou equivalente.
- 27.- Grao en farmacia ou equivalente.
- 28.- Grao en bioloxía ou equivalente.
- 29.- Grao en veterinaria ou equivalente.
- 30.- Grao en ciencia e tecnoloxía dos alimentos ou equivalente.
- 31.- Grao en bioquímica ou equivalente.
- 32.- Diplomado en ciencias económicas e empresariais ou equivalente.
- 33.- Primeiro ciclo licenciatura en dereito ou equivalente.
- 34.- Diplomado en relacións laborais ou equivalente.
- 35.- Diplomado en xestión e administración pública ou equivalente.

- 36.- Diplomado en traballo social ou equivalente.
- 37.- Diplomado en ciencias físicas ou equivalente.
- 38.- Diplomado en matemáticas ou equivalente.
- 39.- Diplomado en filoloxía galega ou equivalente.
- 40.- Diplomado en filosofía ou equivalente.
- 41.- Diplomado en enfermería ou equivalente.
- 42.- Diplomado en arquitectura ou equivalente.
- 43.- Diplomado en arquitectura-técnica ou equivalente.
- 44.- Enxeñeiro ou equivalente.
- 45.- Enxeñeiro en xeodesia e cartografía ou equivalente.
- 46.- Enxeñeiro industrial ou equivalente.
- 47.- Enxeñeiro de camiños, canais e portos ou equivalente.
- 48.- Enxeñeiro en electrónica ou equivalente.
- 49.- Enxeñeiro en telecomunicacións ou equivalente.
- 50.- Enxeñeiro en organización industrial ou equivalente.
- 51.- Enxeñeiro montes ou equivalente.
- 52.- Enxeñeiro químico ou equivalente.
- 53.- Enxeñeiro técnico ou equivalente.
- 54.- Enxeñeiro técnico de obras públicas ou equivalente.
- 55.- Enxeñeiro técnico topográfico ou equivalente.
- 56.- Enxeñeiro técnico industrial ou equivalente.
- 57.- Enxeñeiro técnico electrónico ou equivalente.
- 58.- Enxeñeiro técnico de telecomunicacións ou equivalente.
- 59.- Diplomado en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
- 60.- Diplomado en periodismo ou equivalente.
- 61.- Diplomado en comunicación audiovisual ou equivalente.
- 62.- F.P. II rama delineación.
- 63.- F.P. I rama delineación.

- 64.- Diplomado en belas artes ou equivalente.
- 65.- Diplomado en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
- 66.- Diplomado en pedagogía ou equivalente.
- 67.- Diplomado en psicopedagogía ou equivalente.
- 68.- F.P. II rama laboratorio ou análise.
- 69.- F.P. I rama laboratorio.
- 70.- Grao en medicina ou equivalente.
- 71.- F.P. I rama sanitaria.
- 72.- Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalente.
- 73.- Enxeñeiro técnico agrícola ou equivalente.
- 74.- Enxeñeiro técnico forestal ou equivalente.
- 75.- Arquitecto superior ou equivalente.
- 76.- Grao en xeografía e historia ou Grao en historia ou equivalente.
- 77.- FP2, rama electricidade.
- 78.- Grao en Administración e Dirección de Empresas ou equivalente.
- 79.- Diplomado/a en Educación Social ou equivalente.

### 13.- FORMACION ESPECÍFICA

Esíxese para determinados postos cando a natureza do posto o requira

### 14.- OBS=OBSERVACIÓNS

Reflíctese calquera circunstancia a destacar segundo a natureza do posto

### 15.- DOT= DOTACIÓN

Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha osa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.

**9(705).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE FESTAS. EXPTE. 44252/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/08/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Festas, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 93, do 13 de maio de 2024.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 108, do mércores 5 de xuño do 2024.

No Boletín Oficial del Estado núm. 147, do martes 18 de xuño do 2024, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 9 de xullo do 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo informe de verificación emitido ao expediente (trámite 85) presentáronse os seguintes aspirantes:

- 1.- A. Crespo Casal, con DNI \*\*\*1797\*\*
- 2.- J.M. González Ucha, con DNI \*\*\*4638\*\*
- 3.- O. Román Celada, con DNI \*\*\*4638\*\*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusamente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.





## Concello de Vigo

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva do posto de Xefe/a de Festas, que seguidamente se recolle:

### ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
O. Román Celada	DNI ***4638**

### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION
J.M. González Ucha	***4638**	<ul style="list-style-type: none"><li>Non cumpre o requisito de pertenza ao subgrupo de titulación, escala, subescala e clase requiridos nas bases</li></ul>
A. Crespo Casal	***1797**	<ul style="list-style-type: none"><li>Falta de sinatura da memoria requirida no apartado cuarto (fase segunda)</li></ul>

**SEGUNDO.-** Requirit aos aspirantes excluídos para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación da lista de admitidos e excluídos no taboleiro de edictos e páxina web emenden a documentación, indicándolle que poderán acceder ao modelo de instancia e autobaremo no seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga&tramitecc1=formularios&tramitecc2=sol\\_opo\\_subs\\_prov\\_postos](https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga&tramitecc1=formularios&tramitecc2=sol_opo_subs_prov_postos)

**TERCEIRO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(706).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE ELECTROMECAÑICOS. EXPTE. 44254/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/08/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 93, do 13 de maio de 2024.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 108, do mércores 5 de xuño do 2024.

No Boletín Oficial del Estado núm. 147, do martes 18 de xuño do 2024, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 9 de xullo do 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo informe de verificación emitido ao expediente (trámite 86) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- A. Crespo Casal, con DNI \*\*\*1797\*\*

2.- B. Arranz González, con DNI \*\*\*7035\*\*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusamente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.



## Concello de Vigo

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva do posto de Xefe/a de Electromecánicos, que seguidamente se recolle:

### ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
B. Arranz González	***7035**

### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION
A. Crespo Casal	***1797**	<ul style="list-style-type: none"><li>Falta de sinatura da memoria requirida no apartado cuarto (fase segunda)</li></ul>

**SEGUNDO.-** Requirir aos aspirantes excluídos para que no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación da lista de admitidos e excluídos no taboleiro de edictos e páxina web emenden a documentación, indicándolle que poderán acceder ao modelo de instancia e autobaremo no seguinte enlace:

[https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga&tramitecc1=formularios&tramitecc2=sol\\_opo\\_subs\\_prov\\_postos](https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga&tramitecc1=formularios&tramitecc2=sol_opo_subs_prov_postos)

**TERCEIRO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(707).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE TURISMO. EXPTE. 44256/220.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 28/08/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Turismo, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 93, do 13 de maio de 2024.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 108, do mércores 5 de xuño do 2024.

No Boletín Oficial del Estado núm. 147, do martes 18 de xuño do 2024, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 9 de xullo do 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo informe de verificación emitido ao expediente (trámite 69) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- J.M. González Ucha, con DNI \*\*\*4638\*\*

2.- F. Dueñas Corchero, con DNI \*\*\*8505\*\*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.



## Concello de Vigo

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a de Turismo que seguidamente se recolle:

### ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
F. Dueñas Corchero	***8505**

### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION
J.M. González Ucha	***4638**	<ul style="list-style-type: none"><li>Non cumpre o requisito de pertenza ao subgrupo de titulación, escala, subescala e clase requiridos nas bases</li></ul>

**SEGUNDO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(708).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 1691/1102.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/08/2024, asinado pola Secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

En data 21 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as Bases reguladoras transcritas no para a provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 28 de xuño de 2024 publicouse no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 126 as bases que rexe a convocatoria.

En data 22 de xullo de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 141, extracto da convocatoria.

En data 1 de agosto de 2024 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 185, anuncio da convocatoria a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal presentouse a seguinte aspirantes

#### **ASPIRANTE**

#### **DNI**

ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ

\*\*\*5457\*\*

Segundo a cláusula terceira das bases da convocatoria, rematado o prazo de presentación de instancias publicárase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicárase na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos.

Revisadas as solicitudes a aspirante cumpre o requisitos e presenta a documentación segundo as bases polo que procede a aprobación definitiva da lista de admitidas.

E por isto polo que sométese a Xunta de Goberno Local como órgano competente segundo o disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, a seguinte **PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a do Servizo de Contratación.

#### **ADMITIDOS**

<b>ASPIRANTE</b>	<b>DNI</b>
ÁNGELA FERNÁNDEZ LÓPEZ	***5457**

#### **EXCLUÍDOS**



**Concello de Vigo**

NINGÚN

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: Letrada\_ Xefa de Asesoramento, Susana Garcia Álvarez.  
Suplente: Interventor Xeral do Concello de Vigo, Alberto Escariz Couso.

Vogais

Titular: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electrónica.  
Suplente: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Director superior contable e Orzamentario.

Titular: Olga Gómez Corbal, Interventora Xeral adxunta.  
Suplente: Jerónimo Centrón Castañón, xefe de Área Servizos Xerais

Titular: Dna María de Carmen Pazos Area, Directora de ingresos e xestión catastral delegada,  
Suplente: Maria Dolores Hernández Vidal, Xefa do Servizo de Fiscalización,

Secretario/a:

Titular: Susana Gallardo Fariña. Secretaria de Goberno Local  
Suplente: José Villán Fuertes, Secretario Xeral de Pleno,.

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros da Comisión de Valoración a sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 13 de setembro de 2024 as 12:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

**CUARTO.-** Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(709).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA ESPECTÁCULOS DA PROGRAMACIÓN MUSICAL DAS ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA” A DESENVOLVER NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO ENTRE OUTUBRO E DECEMBRO DO 2024. EXPTE. 5679/330.**

Visto o informe xurídico do 12/08/2024 e o informe de fiscalización do 03/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES.-**

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu, con data 7 de agosto do 2024, que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda das entradas para os espectáculos da programación municipal das artes escénicas “Vigocultura”, que se realizará no Auditorio Municipal do Concello, entre os meses de outubro e decembro do 2024, de acordo co disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordeanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A Área de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A programación de artes escénicas que organiza a Área de Cultura enmárcase dentro das dúas liñas principais de programación coas que se conta no noso eido, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), xestionada pola AGADIC e o PLATEA xestionado polo INAEM. Estes dous programas establecen datas de programación segundo os catálogos publicados conforme aos espectáculos que están xirando en cada semestre no panorama.





**Concello de Vigo**

Así, o Agadic abriu o prazo de selección de propostas artísticas aos Concellos dentro dos seus catálogos de público familiar, público adulto (teatro e danza) e grupos musicais, do 7 ao 24 de xuño, ambos inclusive.

Con data 5 de xullo pasado, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a proposta artística seleccionada dentro do catálogo ofertado pola Rede Galega de Teatros e Auditorios do Agadic para a programación municipal de artes escénicas “Vigocultura”, para os meses de outubro a decembro de 2024. O importe total desta programación dentro da RGTA ascende a 100.981,05 euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 14.405,50 euros, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante 86.575,55 euros impostos incluídos.

Unha vez aprobada esa proposta, quedaron sen cubrir determinadas datas do programa polo que se considerou necesario abrir unha convocatoria pública para que se poidan presentar propostas artísticas **que non estiveron dispoñibles no catálogo da RGTA** para o segundo semestre de 2024 e que poden resultar de interese para a programación municipal.

Por este motivo, con data 16 de xullo publicouse no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a convocatoria para a presentación de propostas artísticas, cun prazo de 10 días naturais, polo que finalizou o sábado 27 de xullo. Con data 6 de agosto de 2024, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolveu aprobar a proposta artística seleccionada dentro da convocatoria pública para PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS, QUE NON FORMARON PARTE DO CATÁLOGO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS PARA O SEGUNDO SEMESTRE DE 2024, PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA”. O custe total para o Concello da contratacións das propostas seleccionadas ascende a 34.532,20 € (incluíndo a programación de rúa que non é obxecto desta fixación de prezos, xa que é con entrada libre).

Os contratos destes espectáculos están en tramitación a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura con cargo ao orzamento municipal vixente para 2024, concretamente á aplicación 3331.226.09.00 “Programación Auditorio Municipal” que ten saldo adecuado e suficiente

## **2.- NORMATIVA FIXACIÓN DE PREZOS**

No informe económico xustificativo que figura no expediente realízase a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na dita ordenanza municipal.

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL *“o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”*.

No apartado 2º do dito precepto se establece que *“cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fi-*

*xar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”.*

Así pois, os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **incuestionable interés cultural** ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o custe da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A resolución pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios fixa, en canto aos prezos das entradas, o seguinte:

*“4. As funcións incluídas nas programacións da RGTA deberán ser de libre acceso para todos os interesados, previo aboamento do importe da entrada, cos seguintes prezos mínimos (agás nas funcións realizadas noutro espazo escénico non adscrito á RGTA):*

*Caché do espectáculo / Prezo mínimo*

*750 – 2.500 €: 3 euros*

*2.501 – 5.000 €: 5 euros*

*> 5.001 €: 8 euros”*

### **3.- PROPOSTA DE PREZOS**

Público adulto:



## Concello de Vigo

Como norma xeral, os prezos de público adulto sería de 5 € coas seguintes excepcións:

- \* Pentación S.A. o 11 de outubro: **10 €** (por ter caché superior a 5.001 euros as normas RGTA establecen un mínimo de 8 €; ademais, como norma fixada pola nosa área, por ter un caché superior a 12.000 € proponse 10 €)
- \* Talía Teatro o 8 de novembro: **8 €** (por ter caché superior a 5.001 euros (normas RGTA)
- \* Teatro do Noroeste o 29 de novembro: **8 €** (por ter caché superior a 5.001 euros, normas RGTA)
- \* Fran Sieira o 29 de novembro: **8 €** (por ter caché superior a 5.001 euros, normas RGTA)
- \* Beginners 2021 o 5 de outubro: **10 €** (como norma fixada pola nosa área, por ter un caché superior a 12.000 € proponse 10 €)
- \* Yllana o 19 de outubro: **8 €** (por ter caché superior a 5.001 €)

### Público familiar:

Os prezos para público familiar tamén sería de 5 €, cos seguintes comentarios:

- \* Zig Zag Danza (10 de novembro): **3 €**, ao tratarse dun espectáculo para bebés con aforo súper reducido (70 persoas por cada unha das 3 funcións) e duración de 30 minutos.
- \* No caso de Xarope Tulú (13 de outubro) redondéase o importe a 5 € para equiparalo ao resto, aínda que o coste/espectador sae en 4,91 €.
- \* Amarelo (1 de decembro) o importe indicado como caché corresponde a dúas funcións, polo que o prezo para cada unha delas sería de 5 €.

## **4.- ABONOS E DESCONTOS**

Deste xeito e no que aquí nos ocupa, traemos a colación o disposto no Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, na que se recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m<sup>2</sup>, dos 17.364 m<sup>2</sup> que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características:





## Concello de Vigo

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012.

A Xunta de goberno local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 27 de febreiro de 2020, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, *Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter inicial a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) suscrita por EAM - "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019.*

Finalmente, con data do 1 de decembro de 2023, a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, prestou aprobación con carácter definitivo ao «Proxecto de urbanización modificado do polígono II da AOD ESTURÁNS», documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 28.08.2023- COD.SOL.: W962562-1174 e Doc. Núm.230279850, redactado pola arquitecta María L. Iglesias Fenánde, en data agosto de 2023, instrumento urbanístico promovido polo propietario único do dito ámbito, ao que se incorpora e forma parte do mesmo, o informe presentado con data do 17.11.2023 - COD. SOL.: W997617-2050 e Doc. Num. 230360130- pola arquitecta redactora e directora das obras, en resposta ao escrito de alegación presentado no preceptivo trámite de información pública, ao que presta a súa conformidade o informe técnico emitido o 20.11.2023 polo enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, e que non produce ningunha modificación substancial no documento aprobado inicialmente.

No que atinxe a recepción das obras, con data 26.01.2024 a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria acordou declarar a recepción parcial da 1ª Fase das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 ESTURÁNS, contidas no proxecto de urbanización modificado aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 1 de decembro de 2023, e executadas pola promotora "PRAZADOURO,SL", en base e de conformidade co informe técnico que obra no expediente de data 09.01.2024 (Exp.5298/401).

Así as cousas, con data 19.04.2024 tivo entrada no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, impreso de solicitude asinado por María Luisa Iglesias Fernández (Cod.Sol.: 1092967-8701) na súa calidade de arquitecta directora das obras, polo que solicita a recepción final da urbanización e conexión exterior de pluviais do Polígono II da AOD A-3-10 Esturáns, ao que xunta un enlace para a descarga de toda a documentación preceptiva para dito trámite, no que se inclúe: acta de entrega das obras de urbanización e conexión exterior de pluviais asinada con data 18.04.2024 pola arquitecta directora das obras, o administrador da entidade mercantil "Prazadouro, SL", e o representante da entidade PRACE, SL, urbanización, certificado final de obras asinada pola arquitecta directora das obras e visado con data 19.04.2024 no que se fai constar expresamente que se ten controlado cuantitativa e cualitativamente a construción e a calidade das obras identificadas

de acordo co proxecto, a documentación técnica que o desenrola e as normas da boa construción; que as obras realizáronse baixo a súa dirección, de conformidade co proxecto obxecto de autorización e a documentación técnica que o complementa, estando dispostas para a súa axeitada utilización con arranxo ás instrucións de uso e mantemento; e que ditas obras rematáronse complementemente con data 17 de abril de 2024, e finalmente escritura da constitución da entidade urbanística de conservación e certificado de inscrición rexistral das cesións do ámbito.

De conformidade co instado, mediante senllas dilixencias asinadas polo Xerente de urbanismo con da do 23.04.2024 solicitouse dos servizos municipais con competencias na materia, a emisión do informe que corresponda verbo do estado final das ditas obras e instalacións.

Constan no expediente a emisión dos seguintes informes técnicos favorables a recepción final da urbanización:

- informe do servizo de electromecánicos de data 06.08.2024 (trámite 32 do expediente dixitalizado)
- Informe do servizo municipal de limpeza de data 29.05.2023 (inserido no expediente 5298/401)
- informe do servizo de departamento de seguridade de data 29.05.2023 (inserido no expediente 5298/401).

Pola súa banda, obran no expediente os informes favorables emitidos polos operadores de servizos,

- informe de Aqualia de data 30.05.2024 (trámite 30 do expediente dixitalizado),
- Informe de R Cable e telecable telecomunicacións SAU de data 09.05.2023 (inserido no expediente 5298/401),
- informe de Nedgia Galicia SA (Gas) emitido en data 24.05.2023 (inserido no expediente 5298/401),
- informe de UFD Distribución electricidade SA emitido en data 22.12.2023 (inserido no expediente 5298/401),
- Informe de telefónica emitido en data 04.04.2023 (inserido no expediente 5298/401),

Elevado o presente expediente ao enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, con data do 12.08.2024 (trámite 35 do expediente dixitalizado) emite informe técnico favorable á presente solicitude de recepción final de obras de urbanización, trala inspección das mesma, do que reproduce a continuación o seu contido:

“(.)INFORME

*Para la recepción de las obras, tal y como indica la Instrucción 1/2015 por la que se modifica la instrucción 2/2012 y se aprueba el protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización del Ayuntamiento de Vigo. Expte. 255/403, se han recopilado y constan en el expediente las **pruebas y ensayos de control de calidad** realizados durante las obras, doc 240122804 de 19/04/24.*

*En el mismo documento, también se han aportado los **planos finales**, (residuales, pluviales, abastecimiento, gas, electricidad, telecomunicaciones, alumbrado, semáforos, jardinería y riego) con la posición exacta de los elementos, registros y servicios de las obras.*

*En ese mismo documento se acompaña **certificado final de las obras** firmado por la directora de las obras, **el acta de entrega de las obras de urbanización** firmada por el contratista, la directora de las obras y el representante de la entidad promotora, y también **el certificado de inscripción registral de las cesiones** del ámbito.*

*Para la Recepción de estas obras, se han recavado los siguientes informes municipales y de operadores de servicios y constan en este expediente y en el 5298/401, dado que en esa fecha se habían ejecutado ya estas instalaciones :*

- *Electromecánicos 06/08/24*



## Concello de Vigo

- Aqualia 30/05/24
- Servicio municipal de Limpieza 29/05/23 informado en 5298/401
- R cable y telecable telecomunicaciones SAU 09/05/23 informado en 5298/401
- Nedgia Galicia SA (gas) 24/05/23 informado en 5298/401
- UFD Distribución Electricidad SA 22/12/23 informado en 5298/401
- Telefónica 04/01/23 informado en 5298/401
- Departamento de Seguridad 29/05/23 informado en 5298/401

El departamento municipal de Montes, Parques y Jardines no ha manifestado inconveniente a la recepción de las obras. Las zonas verdes de la urbanización serán mantenidas por la Entidad Urbanística de Conservación por un plazo de cinco (5) años a contar desde la fecha de recepción de la urbanización, tal y como indica la Ordenanza Municipal Reguladora de las Entidades Urbanísticas de Conservación del Ayuntamiento de Vigo, exp 5166/401 (BOPPO num 171 del 6/09/17).

**Inspeccionadas las obras de Urbanización, se comprueba que se han ejecutado correctamente, salvo vicios ocultos, y se ajustan a lo definido en el proyecto modificado aprobado y a los planos finales aportados.**

Por lo expuesto, desde el punto de vista urbanístico, no existe inconveniente en acceder a la solicitud.

Una vez Acordada la recepción de las obras por el órgano competente, se deberá dar traslado a los siguientes departamentos municipales y proveedores de servicios:

- Patrimonio Municipal
- Policía Local
- Seguridad y movilidad
- Limpieza
- Montes Parques y Jardines
- Electromecánicos
- Fomento
- UFD Distribución Electricidad SA
- Telefónica
- Nedgia Galicia SA (gas)
- R cable y telecable telecomunicaciones SAU
- Aqualia

Se adjuntan fotos de las obras (..)"

## II.FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### II.I Normativa examinada

- RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, e as súas modificacións,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019).
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo

- (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015)
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993.
  - Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)
  - O resto de disposicións que poidan afectar,

## II.II Recepción das obras de urbanización

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar a previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes.

No presente caso, as obras urbanizadoras, correspondentes a totalidade da Urbanización do polígono II da AOD A-3-10 ESTURÁNS así como o colector de conexión de pluviais, foron executadas pola promotora, do xeito e co resultado que se reflicte no relato de feitos, e consonte ao exposto no informe do enxeñeiro de obra civil desta XMU de data 12.08.2024, no que se propón a recepción total das devanditas obras, ao sinalar, a este respecto, que dende un punto de vista urbanístico, non existe inconveniente en acceder ao peticiónado, ao comprobar que se teñen executado correctamente, salvo vicios ocultos, e se axustan ao definido no proxecto modificado aprobado e aos planos finais aportados.

Con ocasión da presente recepción total, comprobouse de novo o estado da parte recibida parcialmente, sen observarse deficiencias nas mesmas

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento - Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, e no senso exposto, o enxeñeiro técnico de obras públicas propoñente, expón a súa conformidade á recepción total mediante informe de data 12.08.2024 transcrito na súa literalidade no relato de feitos; Correspondendo aos servizos técnicos acreditar que consta a execución das obras referidas no proxecto de urbanización e que as obras se atopan en estado de ser recibidas.

## II.III Órgano competente

A competencia para a adopción do presente acordo atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecedente, e de conformidade co informe técnico que obra no expediente de data 12.08.2024, que se incorpora ao texto da presente proposta e lle serve de motivación, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, LPACAP, propónse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

## ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a recepción total e definitiva das obras de urbanización do polígono II da AOD A-3-10 ESTURÁNS así como do colector de conexión de pluviais, contidas no proxecto de



## Concello de Vigo

urbanización modificado aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar en data 01.12.2023, e executadas pola promotora "PRAZADOURO,SL", en base e de conformidade co informe técnico que obra no expediente asinado con data 12.08.2024 .

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro do presente acordo a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que perante o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de (1) un mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación e/ou publicación, de conformidade co establecido nos artigos 10,14, e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Patrimonio Municipal, Policía local, Seguridade e Mobilidade, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Fomento, así como as empresas subministradoras Aqualia, UFD Distribución Electricidad SA, Telefónica. R Cable e Telecable telecomunicacións SAU e Nedgia Galicia SA (gas).

CUARTO: O contido íntegro do presente acordo así como a documentación técnica que o integra estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_infra.php?lang=gal](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal) no apartado de PROXECTOS.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente, decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Reclamación ao orzamento do ano 2024 do Concello de o Porriño. Expte. 93/142.
- Informe ao recurso especial contra a adxudicación da contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais. Expte. 8173/252.
- Proposta de aprobación do proxecto «Instalación de videomarcador (pantalla led) na esquina UCO do Estadio Municipal de Balaídos ». Expte. 2083/441.
- Prórroga dos contratos de concesión de servizos de xestión e explotación dos mercados do Barbés, Bouzas, Calvario, Teis e Travesas. Expte. 10176/106.

- .- Expediente de contratación do patrocinio publicitario para o proxecto “Faro educa 2024” organizado polo Faro de Vigo, S.A.U. Expte. 20268/101.
- .- Expediente de contratación do servizo de mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo. Expte. 1908/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **16(712).- RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO DO ANO 2024 DO CONCELLO DE O PORRIÑO. EXPTE. 93/142.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/09/2024, asinado pola directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o tesoureiro municipal- director Superior Contable e Orzamentario, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 163 do 22 de agosto do 2024 anuncio de exposición pública do acordo plenario do Concello de O Porriño de aprobación inicial do seu orzamento para 2024, adoptado en sesión extraordinaria e urxente do 20/08/2024, e dentro do prazo outorgado, procede formular **RECLAMACIÓN** contra dito acordo plenario de aprobación inicial do orzamento, con fundamento nos seguintes antecedentes de feito e consideracións xurídicas:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**Primeiro.-** Mediante Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas do 31/7/1962 (publicada no BOE número 197 do 17/8/1962) autorizouse ao Concello de Vigo para o aproveitamento das augas do Río Oitavén, mediante a creación dun encoro regulador duns seis millóns de metros cúbicos nas proximidades do lugar de Eiras,



## Concello de Vigo

con destino á ampliación do abastecemento de auga á cidade. Dita concesión outorgouse a perpetuidade e tiña como único beneficiario da autorización ao Concello de Vigo.

**Segundo.-** O Concello de Vigo xestionou, realizou o mantemento e explotou pacífica, pública e ininterrompidamente dito encoro como parte do servizo público municipal de augas do Concello, dende a construción do encoro e das conducións complementarias realizadas para a derivación de augas do río Oitavén con destino ao abastecemento da cidade de Vigo (sobre o ano 73).

Primeiramente esta xestión foi directa, a través dun servizo municipalizado de abastecemento e saneamento, posteriormente a través dunha empresa municipal de augas (EMAVISA), e actualmente a xestión é indirecta, logo do correspondente contrato administrativo de xestión de servizos públicos, mediante a modalidade de concesión.

Este contrato de xestión integral dos servizos de abastecemento e saneamento de augas mediante a modalidade de concesión adxudicouse primeiramente, mediante acordos plenarios de 25 de outubro e 21 de decembro de 1990 á UTE SERAGUA-FOCSA (actualmente coa denominación AQUALIA-FCC UTE VIGO), conforme ao prego de condicións aprobado polo Pleno en sesións do 7 de maio, 5 de xullo e 25 de outubro de 1990. O contrato formalizouse o 8 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.-** O obxecto do vixente contrato é a xestión integral do servizo de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, así como a achega dos investimentos necesarios para a construción das instalacións que resulten necesarias (cláusula 1ª do PCAP e do documento de formalización do contrato). Así e en aplicación desta cláusula, a concesionaria veu desenvolvendo o seu plan de investimentos, que incluía o Proxecto PIC-0291 “Nova canle de Eiras. Tramo: Presa-Sifón Os Valos”, investimento de reposición (polas fugas que se producían na canle). A execución desta infraestrutura resultou e resulta imprescindible para materializar a derivación da auga do Río Oitavén ao Concello de O Porriño.

**Cuarto.-** Esta obra de reposición realizouse no marco de desenvolvemento do plan de investimentos da concesionaria, financiado polo Concello de Vigo ao longo do período concesional, sen que o Concello de O Porriño desembolsase financiación ningunha.

**Quinto.-** Unha vez realizados os investimentos pola concesionaria municipal e en aras dunha asignación proporcional de custes, previa negociación co Concello de O Porriño, o

Pleno municipal adoptou un acordo na súa sesión do 27 de xaneiro de 1998, cun dobre contido: 1) fixación da tarifa esixible pola subministración de auga aos concellos de Nigrán, Cangas, Moaña, Redondela e Soutomaior e 2) determinación da cifra esixible ao Concello de O Porriño polos seguintes conceptos: a) recuperación do investimento, b) vixiancia do Encoro de Eiras e c) mantemento e conservación da canle.

O anterior acordo plenario foi notificado en tempo e forma ao Concello de O Porriño o 27/02/1998, que o deixou firme e consentido, ao non telo recorrido perante a xurisdición contencioso-administrativa. E pese a ser impugnado por outro Concello, foi confirmado polo Tribunal Superior de Xustiza do Galicia nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 8068/1998 (demandante: Concello de Cangas).

**Sexto.-** En virtude do anterior acordo, o Concello de Vigo ven esixindo bimensualmente ao Concello de O Porriño as correspondentes liquidacións por este ingreso de dereito público de natureza non tributaria. Cómpre indicar que as contías a satisfacer en concepto de Vixiancia do Encoro de Eiras e de Mantemento e conservación da canle nunca foron obxecto de actualización.

Ainda que o Concello de O Porriño, no exercicio 2012, abonou sete facturas por importe total de 139.391,47€, dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais, a partir do exercicio 2013, comenzou a recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa as liquidacións bimensuais, sen ingreso das cantidades liquidadas.

Ata o día da data, todas as sentenzas recaídas en relación coas liquidacións bimensuais foron desfavorables ao Concello de O Porriño. Así, os recursos contencioso-administrativos nos que actuou como demandante o Concello de O Porriño foron os seguintes:

- Procedemento Ordinario 180/2013, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo (bimestre novembro-décembro 2012): recaeu sentenza estimatoria nº 161/2014, do 4 de setembro, revogada por Sentenza nº 46/2015, do 4 de febreiro de 2015, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación 15057/2014)
- Procedemento Ordinario 299/2013, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestres maio-xuño 2013 e xullo-agosto 2013): recaeu en primeira instancia sentenza desestimatoria nº 250/2014, do 24 de novembro, confirmada en apelación pola Sentenza nº 636/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4071/2015).





## Concello de Vigo

- Procedemento Ordinario 58/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre setembro-outubro 2013): recaeu en primeira instancia sentenza desestimatoria nº 249/14, de 24 de novembro, confirmada en apelación pola Sentenza 637/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4070/2015).
- Procedemento Ordinario 363/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre maio-xuño 2014): mediante Decreto 15/2018, do 25 de xuño, declarouse a caducidade do proceso.
- Procedemento Ordinario 456/2014, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre xullo-agosto 2014): mediante Decreto 14/2018, do 20 de xuño, declarouse a caducidade do proceso.
- Procedemento Ordinario 50/2015, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (bimestre setembro-outubro 2014): mediante Decreto 18/2018, de 10 de xullo, declarouse a caducidade do proceso.

**Sétimo.-** Con posterioridade á recaída das sentenzas desestimatorias das súas pretensións, o Concello de O Porriño en data 12/03/2015, presentou solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, que foi inadmitida por acordo plenario do 28 de decembro de 2022 (expediente 1492/441). O Concello de O Porriño interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario do 2022, recurso desestimado por Sentenza nº 289/2023, do 1 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (recaída no Procedemento Ordinario 288/2022), confirmada en apelación por Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 19 de abril do 2024. O Concello de O Porriño deixou firme e consentida esta Sentenza do Tribunal. En consecuencia, todas as liquidacións bimensuais xiradas sobre as bases do acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998, que foron debidamente notificadas ao Concello de O Porriño, son débeda vencida, líquida e esixible.

**Oitavo.-** A partir de xaneiro do 2023, as liquidacións bimensuais remitidas ao Concello de O Porriño teñen fundamento nun novo acordo plenario do 29 de marzo do 2023, adoptado tras outorgar dous trámites de audiencia ao Concello de O Porriño. Foi preciso adoptar o acordo no ano 2023 porque o acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 fixaba a participación do Concello de O Porriño con fundamento en tres parámetros: recuperación da Canle de Eiras-Tramo PIC 0291 (amortización), vixilancia do Encoro de Eiras e mantemento e conservación

da Canle e a Canle de Eiras estaría plenamente amortizada a 31/12/2022. En consecuencia, foi preciso actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do Encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023.

**Noveno.-** Ao día da data, o Concello de O Porriño mantén unha débeda en período executivo por importe de 5.927.928,85€, segundo informe do Sr. Tesoureiro Municipal, co seguinte detalle:

Período	Principal	Costas	Recarga	Xuros	total
Até 31/12/2013	2.140.425,30	292,74	428.085,08	802.948,66	3.371.751,78
01/01/2014 a 31/12/2023	1.910.543,05	195,26	367.226,82	278.211,94	2.556.177,07
Total	4.050.968,35	488,00	795.311,90	1.081.160,60	5.927.928,85

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

##### **I.- Lexitimación do Concello de Vigo para reclamar contra a aprobación inicial do orzamento (art. 170.1.b) do TRLRFL).**

De conformidade co disposto nos artigos 170.1.b) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL) e 22.1.b) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos (en adiante, RD 500/1990), ten a condición de interesado a efectos de efectuar reclamacións durante o prazo de exposición pública, quen **resulte directamente afectado**, aínda que non habite o territorio da entidade local.

A directa afectación para o Concello de Vigo do acordo de aprobación inicial do orzamento do Concello de O Porriño é manifesta, toda vez que o Concello de O Porriño mantén unha débeda co Concello de Vigo vencida, líquida e esixible derivada da corresponsabilidade na asunción dos custos pola utilización conxunta dunhas infraestruturas hidráulicas, que na actualidade ascende a 5.927.928,85€.



## Concello de Vigo

A efectiva prestación por parte do Concello de Vigo do subministro de auga ao Concello de O Porriño a través de infraestruturas hidráulicas, require sufragar uns custes de explotación e mantemento que ata o día da data está a atender o Concello de Vigo- a través da súa concesionaria do servizo público de abastecemento e saneamento de augas, AQUALIA-FCC UTE VIGO- se ben son custos dos que debe responder proporcionalmente o Concello de Porriño, en canto Entidade Local tamén beneficiaria de tales infraestruturas.

A situación real non só é que o Concello do Porriño ao día da data carece de concesión hidráulica ningunha, senon que non paga nada por beneficiarse dunhas infraestruturas sen as cales non podería abastecer de auga nin ao seu Polígono (única previsión de abastecemento que constaba na memoria do Proxecto de construción do Encoro) nin á súa poboación.

As contías esixidas ao Concello de O Porriño polo Concello de Vigo fundaméntanse nun acordo plenario do Concello de Vigo de data 27 de xaneiro de 1998, que o Concello do Porriño deixou firme e consentido, por non impugnaló en prazo. A partir deste acordo plenario, o Concello de Vigo aproba bimensualmente liquidacións por este ingreso de dereito público de natureza non tributaria, que o Concello de O Porriño ignora e non abona, agás sete facturas por importe total de 139.391,47€, que ingresou dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais.

Ademais de deixar firme e consentido este acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998, no que se ao que aproban as liquidacións bimensuais, o Concello de O Porriño tentou unha revisión de oficio do mesmo. A súa solicitude de revisión de oficio do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 foi inadmitida por acordo plenario do Concello de Vigo do 28/12/2022. O Concello de O Porriño interpuxo recurso contencioso-administrativo contra o acordo plenario do 2022, recurso desestimado por Sentenza nº 289/2023, do 1 de decembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (recaída no Procedemento Ordinario 288/2022), confirmada en apelación por Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 19 de abril do 2024. O Concello de O Porriño deixou firme e consentida esta Sentenza do Tribunal. **En consecuencia, todas as liquidacións bimensuais xiradas sobre as bases do acordo plenario de 27 de xaneiro de 1998, que foron debidamente notificadas ao Concello de O Porriño, son débeda vencida, líquida e esixible. A existencia do Consorcio para a**

**Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro non despraza as obrigas do Concello do Porriño respecto do Concello de Vigo e ademais, o Concello realiza unha dobre notificación das liquidacións bimensuais: ao Concello de O Porriño e ao Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro. Ningunha das dúas entidades paga a Vigo, puidendo facelo o Consorcio ao estar admitido o pagamento por terceiro expresamente no artigo 33.1 do Regulamento xeral de recadación.** Aínda máis, o Concello de Vigo subministra auga aos municipios da súa área de influencia. Ningún deles mantén débeda co Concello de Vigo, agás Porriño.

A partir de xaneiro do 2023, as liquidacións bimensuais remitidas ao Concello de O Porriño teñen fundamento nun novo acordo plenario do 29 de marzo do 2023, toda vez que o acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 fixaba a participación do Concello de O Porriño con fundamento en tres parámetros: recuperación da Canle de Eiras-Tramo PIC 0291 (amortización), vixilancia do Encoro de Eiras e mantemento e conservación da Canle e a Canle de Eiras estaría plenamente amortizada a 31/12/2022. En consecuencia, foi preciso actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do Encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023.

Á vista do exposto, este Concello está lexitimado pola presentar a presente reclamación, de acordo co disposto nos artigos 170.1.b) e 22.1.b) do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, dado que o impago polo Concello de O Porriño supón un prexuízo para o Concello de Vigo e para a súa cidadanía e unha vulneración dos principios de equidade, de prohibición do abuso de dereito e de enriquecemento inxusto.

## **II.- Motivo que sustenta a presente reclamación contra a presente o acordo de aprobación inicial do orzamento do 2024.**

Concorre no presente caso o motivo contemplado nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2.b) do RD 500/1990, porque o orzamento inicialmente aprobado polo Concello de O Porriño **omite o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local**, en virtude de títulos lexítimos. Así, as liquidacións bimensuais das que é debedor foron aprobadas polas correspondentes resolucións do Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, debi-



## Concello de Vigo

damente notificadas e ratificadas polas sentenzas xudiciais recaídas ata o presente momento, desfavorables todas elas ao Concello de O Porriño. Polo tanto, existen títulos lexítimos que obrigan ao Concello de O Porriño a consignar crédito polo importe que adebeda ao Concello de Vigo: 5.927.928,85€.

A esixencia polo Concello de Vigo ao Concello de O Porriño, dende a adopción do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 e ata a actualidade dunhas contías pola utilización compartida dunhas infraestruturas foi validada xudicialmente por todas as sentenzas recaídas ata o momento. Esta esixencia deriva do principio de corresponsabilidade de ambas administracións nos custos incurridos pola utilización conxunta destas infraestruturas hidráulicas, sendo necesaria unha asignación proporcional daqueles.

Así, as Sentenzas nº 249 e 250/2014, ambas de data 24 de novembro, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, confirmadas en apelación polas Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 636/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4071/2015) e nº 637/2015, do 22 de outubro (recurso de apelación 4070/2015) estableceron que *“La exigencia estriba en la corresponsabilidad en la asunción de los costes, en proporción a su participación en su génesis. Así, se viene repercutiendo el precio de la inversión de la nueva canalización -que sirve a ambas entidades-y el gasto en mantenimiento y vigilancia de la planta”*.

En igual sentido, a Sentenza do TSXG nº 46/2015, do 4 de febreiro de 2015, no seu FD 2º estableceu que *“Resulta obvio (e esto non o nega o propio Concello de O Porriño) que os usuarios das infraestruturas do subministro de auga deben asumir os custos e que estes se repartan en función de criterios de intensidade do uso (...)”* e a Sentenza do TSXG nº 637/2015, do 22 de outubro dispuxo no seu FD 3 *“De su lectura, se deduce que la naturaleza o el fundamento de este acuerdo se encuentra en la consideración de que existe una responsabilidad de ambos concellos en la asunción de costes en proporción a su participación en el origen de esos gastos”*.

É indiscutible a existencia de títulos lexítimos que amparan o dereito do Concello de Vigo a un importe que na actualidade ascende a 5.927.928,85€, polo que se cumpre o disposto nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2.b) do RD 500/1990.

### **III.- Incumplimento polo Concello de O Porriño do principio de equilibrio orzamentario.**

A omisión da consignación orzamentaria correspondente para facer efectiva a débeda que mantén o Concello de O Porriño co Concello de Vigo supón un incumplimento do principio de equilibrio orzamentario (arts. 165.4 do TRLRFL e 16 do RD 500/90), así como de estabilidade orzamentaria (artigos 3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e 26.1 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria).

A falta de consignación orzamentaria para afrontar a débeda vencida, líquida e esixible supón un incumplimento do obxectivo de equilibrio orzamentario que regula o artigo 11 da LOEOSF, que obriga que a formación, aprobación e execución dos Orzamentos someteráse ao principio de estabilidade orzamentaria.

O artigo 135.2 da Constitución Española obriga a que as entidades locais deberán presentar equilibrio orzamentario, polo que é evidente que o equilibrio orzamentario está formado en fraude de lei, ao non estar previsto a dotación para facer fronte a obrigas vecidas e esixibles fronte ao Concello de Vigo.

Estos incumprimentos normativos e orzamentarios supoñen que este acordo plenario é contrario a Dereito.

### **IV.- Incumplimento da doutrina dos actos propios.**

Con este acordo plenario de aprobación inicial do seu orzamento, o Concello de O Porriño infrinxe a doutrina dos actos propios porque no ano 2009 pagou unha factura de data 20/4/2009, por importe de 27.457,68€ e no ano 2012, dentro do marco establecido polo plan fixado pola normativa estatal para o pago de débedas pendentes por parte das Administracións Locais, o Concello de Porriño aboou outras sete facturas por importe total de 139.391,47€.

A falta de consignación orzamentaria no orzamento inicialmente aprobado para facer fronte á débeda que mantén con Vigo e a persistencia nos impagos, indo en contra dos seus propios actos, determina que o acordo adoptado é contrario a Dereito.



**Concello de Vigo**

## **V.- Competencia.**

De conformidade co disposto no artigo 127.1.j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a competencia para o exercicio de accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia, sendo tamén o órgano competente en materia de xestión económica (artigo 127.1.g) da Lei 7/1985).

A vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Formular, con carácter previo á vía contencioso-administrativa, reclamación contra o acordo plenario do Concello de O Porriño de aprobación inicial do seu orzamento para 2024, adoptado en sesión extraordinaria e urxente do 20/08/2024 (publicado no BOP n.º n.º 163 do 22 de agosto do 2024), ao abeiro do disposto nos artigos 170.1.b) e 170.2.b) do TRLRFL, en base á motivación xurídica contida no informe que antecede.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(713).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 8173/252.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/09/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo (PPT).

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 9 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 13 de agosto de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e fixándose como data final o 9 de setembro de 2024 as 23.59. Ata o momento non se presentou ningunha oferta.





**Concello de Vigo**

**Terceiro.-** En data 30 de agosto de 2024, D<sup>a</sup>. María do Tránsito Fernández Fernández, en nome e representación da Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega na súa cualidade de secretaria Nacional, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexe a presente licitación.

**Cuarto.-** En data 2 de setembro de 2024, URBASER, actual contratista do servizo de limpeza da casa consistorial, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

**Quinto.-** En data 3 de setembro de 2024, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Obxecto deste recurso especial en materia de contratación**

É obxecto da presente impugnación o Prego de Prescricións Técnicas Particulares que rexen o procedemento aberto do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo

**-II-**

### **Lexislación aplicable**

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en

materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

### **Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso**

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.



Concello de Vigo

**-IV-**

**Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

**A)** En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

**B)** En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais. Citaremos por todas a Resolución 17/2020 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta De Andalucía:

*“Con carácter previo al estudio de la cuestión de fondo, procede abordar la legitimación de la organización sindical recurrente para la interposición del presente recurso especial contra la resolución del órgano de contratación, de 27 de diciembre de 2019, por la que se adjudica el presente contrato a la entidad FERROVIAL. Sobre lo anterior, el artículo 48 de la LCSP establece «Podrá interponer el recurso especial en materia de contratación cualquier persona física o jurídica cuyos derechos o intereses legítimos, individuales o colectivos, se hayan visto perjudicados o puedan resultar afectados, de manera directa o indirecta, por las decisiones objeto del recurso». En lo relativo a las organizaciones sindicales el citado precepto en su párrafo segundo dispone «Estarán también legitimadas para interponer este recurso, contra los actos susceptibles de ser recurridos, las organizaciones sindicales cuando de las actuaciones o decisiones recurribles pudiera deducirse fundadamente que estas implican que en el proceso de ejecución del contrato se incumplan por el empresario las obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación». Sobre la legitimación activa de las organizaciones sindicales para la interposición del recurso especial en materia de contratación este Tribunal ha partido (v.g. Resolución 165/2018, de 1 de junio) de la doctrina del Tribunal Constitucional (SSTC 358/2006, 153/2007, 202/2007, y 33/2009, entre otras) que arranca de un reconocimiento abstracto o general de la legitimación de los sindicatos para impugnar las decisiones que afecten a los trabajadores, funcionarios públicos y personal estatutario. Ahora bien, también indica dicho Tribunal que esa genérica legitimación abstracta o general de los sindicatos ha de tener una proyección particular sobre el objeto de los recursos que entablen ante los Tribunales mediante un vínculo o conexión entre la organización que acciona y la pretensión ejercitada, pues, como ya se dijo en la STTC210/1994, «la función constitucionalmente atribuida a los sindicatos no alcanza a transformarlos en guardianes abstractos de la legalidad, cualesquiera que sean las circunstancias en que ésta pretenda hacerse valer».*

*También se debe tener en cuenta sobre esta cuestión la Sentencia de la Audiencia Nacional 348/2016, Sala de lo Contencioso administrativo, sección cuarta de fecha 6 de julio de 2016, que dispone: «En*



**Concello de Vigo**

*relación con el concepto de interés legítimo sobre el que gravita el reconocimiento de legitimación existe una acabada jurisprudencia del Tribunal Supremo, incluso referida al alcance con el que cabe reconocerla a los sindicatos en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa. Según esta jurisprudencia (por todas STS de 17 de mayo de 2005, rec. cas. 5111/2002, dictada precisamente en materia contractual), la legitimatio ad causam de la parte recurrente viene determinada por la invocación en el proceso de la titularidad de un derecho o interés legítimo que suponga una relación material entre el sujeto y el objeto de la pretensión, de manera que la estimación del recurso produzca un beneficio o la eliminación de un perjuicio que no necesariamente ha de revestir un contenido patrimonial. Esta ventaja ha de ser concreta y efectiva. No es suficiente, como regla general, que se obtenga una recompensa de orden moral o solidario, como puede ocurrir con la mera satisfacción del prestigio profesional o científico inherente a la resolución favorable al criterio mantenido o con el beneficio de carácter cívico o de otra índole que lleva aparejado el cumplimiento de la legalidad. Así, el Tribunal Supremo ha insistido en que “la relación unívoca entre el sujeto y el objeto de la pretensión (acto impugnado), con la que se define la legitimación activa, comporta el que su anulación produzca de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (perjuicio) actual o futuro, pero cierto (sentencia de este Tribunal Supremo de 1 de octubre de 1990), y presupone, por tanto, que la resolución administrativa pueda repercutir, directa o indirectamente, pero de modo efectivo y acreditado, es decir, no meramente hipotético, potencial y futuro, en la correspondiente esfera jurídica de quien alega su legitimación, y, en todo caso, ha de ser cierto y concreto, sin que baste, por tanto su mera invocación abstracta y general o la mera posibilidad de su acaecimiento”». En esta línea se han pronunciado otros órganos de resolución de recursos contractuales; así el Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad de Madrid en su Resolución 63/2019, de 13 de febrero, indica sobre esta cuestión que: «se debe entender que la legitimación de la organización sindical solo será admisible cuando se dé una relación directa e incuestionable con la defensa de los intereses corporativos de los trabajadores afectados». Por otro lado, el Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales en su Resolución 331/2019, de 29 de marzo, analiza la legitimación de una organización sindical que impugnaba -como en el presente supuesto- la adjudicación de un contrato, llegando a la siguiente conclusión: «en la regulación de la LCSP, por tanto, la legitimación de las organizaciones sindicales se reconoce exclusivamente en el supuesto de que se impute a la actuación recurrida un eventual o futuro incumplimiento por parte del empresario de sus obligaciones sociales o laborales respecto de los trabajadores que participen en la realización de la prestación”*

É dicir, as organizacións sindicais deben probar un interese en sentido propio, específico e cualificado no acto impugnado, non un xenérico de defensa dos traballadores.

Neste caso, a Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega afirma que “atopamos na listaxe de perosal (Anexo 6) a dúas persoal que fan funcións para a propia URBASER, actual adxudicataria, un xefe de servizo e unha administrativa” (pax 1, Motivos). Queda probado, pois, que o obxecto do recurso ten unha clara

incidencia no ámbito xurídico dos traballadores, xustificando o interese colectivo que representa a organización sindical recorrente en defensa dos dereitos laborais afectados pola contratación proxectada.

**C)** Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

**D)** Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):



**Concello de Vigo**

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do TACGAL en data 30 de agosto de 2024. Dado que o anuncio publicouse no DOUE e no perfil de contratante o día 13 de agosto de 2024, o recurso foi presentado no prazo conferido ao efecto.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

**-V-**

### **Motivos de impugnación da resolución recorrida**

O escrito presentado pola Federación de Servizos da Confederación Intersindical Galega contén unha única alegación. Considera que *“atopamos na listaxe de persoal (Anexo 6) a dúas persoal que fan funcións para a propia URBASER, actual adjudicataria, un xefe de servizo e unha administrativa”*. Tras relatar as diversas comunicacións enviadas á empresas co fin da corrección da listaxe de persoal conclúe dicindo que:

*“2- En repetidas ocasións se volveu a advertir á mercantil que as persoas IBV e ICL, forman parte de Urbaser, non da contrata, pero seguiron incluíndoas na listaxe, polo que o comité de empresa non asinou a documentación que a empresa enviou ao concello de Vigo non avaliando polo tanto esa listaxe.*

*Engadir a estas dúas persoas, encarece o servizo, dado que os seus salarios, marcados no Anexo 6 son pacto da mercantil con eles non pola aplicación do convenio propio publicado o pasado 7 de xullo de 2022 no BOPPO no cal se marcan as categorías profesionais, non existindo nelas nin a de xefe de servizo nin a de administrativa, polo tanto non teñen un salario de aplicación ao uso.*

*Na Memoria Económica publicada na web, do Concello de Vigo, na súas páxinas números 7, 13, 14 e 15 fala das categorías existentes, en ningún momento fai referencia a xefe de equipo e administrativa.*

*Para esta central sindical hai un desaxuste entre o prezo do contrato e o custe mínimo real dos custes laborais que é prexudicial tanto para o contratante, administración pública, como para as empresas que concursan para asumir dito servizo de limpeza”.*

En data 2 de setembro de 2024, URBASER, actual contratista do servizo de limpeza da casa consistorial, presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso:

*“Como bien conocen, el artículo 17, Capítulo IV, del Convenio Colectivo del Sector de Limpieza de Edificios y locales de la provincia de Pontevedra (Código de Convenio no 36000895011981), convenio de prioridad aplicativa en materia de subrogación establece lo siguiente:*

*“Primero. Al término de la concesión de una contrata de limpieza, los trabajadores/as de la empresa contratista saliente, pasarán a estar adscritos/as a la nueva titular de la contrata, quien se subrogará en todos los derechos y obligaciones, siempre que se dé alguno de los siguientes supuestos.*

*a) Trabajadores/as en activo que presten sus servicios en dicho centro con una antigüedad mínima de los cuatro últimos meses, sea cual sea la modalidad de su contrato de trabajo.*

*b) Trabajadores/as que en el momento del cambio de titularidad de la contrata, se encuentren enfermos, accidentados, en excedencia, así como trabajadores/as acogidos/as a la jubilación parcial y trabajadores/as con contrato de relevo u otra situación análoga, siempre y cuando presten sus servicios en el centro objeto de subrogación con anterioridad a la suspensión de su contrato de trabajo y que reúnan la antigüedad mínima establecida en el apartado a).*

*c) Trabajadores/as que con contrato de interinidad, sustituyan a alguno de los trabajadores/as mencionados/as en el apartado anterior.*

*d) Trabajadores/as de nuevo ingreso que por exigencias del cliente se incorporaron al centro a consecuencia de ampliación de contrato, dentro de los cuatro últimos meses.*

*e) El personal incorporado por la anterior titular a este centro de trabajo dentro de los cuatro meses, seguirán perteneciendo a dicha empresa y no se producirá la subrogación citada, salvo que se acredite su nueva incorporación al centro y a la empresa.*

*(...)*

*En virtud de la redacción de la normativa legal citada, toda aquella persona trabajadora, la cual se encuentre adscrita al servicio en cuestión y que cumpla con los requisitos legales exigidos, tendrá derecho a ser subrogada en la nueva adjudicataria respetándose sus condiciones laborales. En tal sentido, y al regularse como bien se cita anteriormente en los preceptos legales mencionados, el derecho a subrogación de los trabajadores cuyas condiciones laborales se regulan por la normativa citada, todas las personas trabajadoras contempladas en la relación laboral puesta a disposición de la Empresa saliente - URBASER, S.A.U -, se encuentran adscritas al servicio de Limpieza del Ayuntamiento de Vigo, prestando servicios en el mismo según jornada y condiciones laborales convenidas y cumpliendo con todos los requisitos*





**Concello de Vigo**

*legales exigidos para que opere la subrogación del personal, no pudiéndose por tanto mermar dicho derecho de forma alguna.*

*(...)*

*En tal sentido, de los datos facilitados relativos al número de trabajadores que conforman la plantilla se desprende que constituyen la unidad productiva autónoma que lleva a cabo el servicio en su totalidad, no pudiéndose por lo tanto discriminar, cuando no se produce diferenciación alguna por ley, a un número de Uso Interno / Internal Use trabajadores que, conformando la unidad productiva aquí objeto y cumpliendo con los requisitos exigidos por ley, tienen derecho a ser subrogados juntos con el resto de los trabajadores del mismo.*

*Por ende, según lo expuesto y de acuerdo con los preceptos legales mencionados a lo largo de la presente, se debe producir la subrogación de todas las personas trabajadoras informadas en la “relación del personal que presta servicios en el contrato actual” por la Empresa saliente con motivo de:*

*1. Todas las personas trabajadoras se encuentran adscritas al servicio de Limpieza del Ayuntamiento y otras dependencias, siendo por tanto objeto de la legislación contemplada anteriormente.*

*Asimismo, dicha plantilla supone la unidad productiva autónoma citada en el Estatuto de los Trabajadores en su totalidad, no pudiendo por tanto mermar el derecho de subrogación de ninguno de los trabajadores que conforman la misma.*

*2. Todas las personas trabajadoras contempladas en dicha relación cumplen con los requisitos legales exigidos para que opere la subrogación, como bien se ha hecho constar a esta parte.*

*Es por tanto que no cabe la modificación de los pliegos en los aspectos referidos en el recurso interpuesto por la CIG al desprenderse que, de las actuaciones practicadas, se está cumpliendo con lo dispuesto legalmente, teniendo todos los trabajadores derecho a ser subrogados”.*

Informa ao respecto o servizo xestor, o 3 de setembro de 2024, que:

*“Recibido o recurso especial en materia de contratación contra o prego de prescricións técnicas particulares (en diante PPTP) formulado pola Secretaria Nacional da federación de servizos da Confederación Intersindical Galega, no que solicita a modificación do PPTP para que se axuste á realidade e aos custes reais do servizo, argumentado que na listaxe do Anexo 6 aparecen dous traballadores referidos como:*

TRABALLADOR	CATEGORIA	T CONTRATO	% XORNADA
ICL	ADMINISTRATIVO	100	100
IBV	JEFE DE SERVICIO	100	50

*que segundo manifesta a recurrente fan funcións para a propia empresa URBASER actual prestadora do servizo, e que ademais non son persoal subrogado anteriormente.*

*Indica tamén o recurso que engadir a estas persoas na listaxe do Anexo 6 do PPTP encarece o servizo dado que ambas categorías non aparecen no convenio propio do centro de traballo de Vigo publicado o 7 de xullo de 2022 no BOPPO.*

*Refire tamén que na memoria económica que forma parte da documentación do contrato que se licita, non se fai referencia ao xefe de equipo (entendese que isto é un erro da recurrente dado que debería dicir "xefe de servizo") nin á administrativa.*

*Pretende polo tanto o recurso anular o procedemento amparándose en presuntos erros contidos na listaxe de persoal aportada pola mercantil URBASER e transcrita literalmente no Anexo 6 do PPTP. A listaxe vai asinada por D. Gustavo Villasuso Yañez como delegado da empresa.*

*É reiterada e profusa a doutrina xurídica no senso de que a listaxe de persoal subrogable é un documento INFORMATIVO que se aporta aos efectos indicados no artigo 130 da Lei de Contratos do sector público (LCSP), cos datos indicados pola empresa actual adxudicataria, coñecedora das obrigas laborais en relación á execución do contrato actual e no momento en que este Concello de Vigo llos requiriu, e baixo a competencia propia de dirección e organización que a mesma ten sobre o seu persoal.*

*Sobre a condición de traballador do servizo de IBV, procede indicar que en data 30 de marzo de 2001 don Jaime Martinez Anido actuando en nome e representación de URBASER, S.A.U. empresa titular do actual contrato designou a D. Ismael Bouzas Veiga como coordinador do contrato conforme a o establecido no punto 7.4 do PPTP que rexe a prestación. Nese apartado específico do documento Prego, non se exige adicación exclusiva do traballador ao servizo. En tal sentido apréciase na listaxe facilitada agora pola empresa e incluída como Anexo 6, que o traballador IBV figura cunha adicación do 50%.*

*Sobre a memoria económica que forma parte da documentación do contrato que se licita, convén aclarar que se tivo en conta para o cálculo do custe do contrato as horas estimadas como necesarias das seguintes categorías profesionais:*

- Limpador/a e peón de oficios varios*
- Peón especializado/a e axudante de oficios varios*
- Conductor limpador/a*
- Responsable de equipo*

*Considerouse tamén para cada traballador o custe da antigüidade e as cotizacións á SS que lle son de aplicación.*



**Concello de Vigo**

*En ningún caso valorouse a categoría “administrativo” nin a categoría “xefe de servizo”, cuxa adicación no contrato queda incluída no concepto de “gastos xerais”.*

*Unha cousa é polo tanto a listaxe do Anexo 6 que se aporta aos efectos do indicado no artigo 130 da LCSP, e outra cousa é a memoria económica onde se calcula o prezo do contrato que se licita. O Anexo 6 non inflúe no cálculo do prezo do contrato e polo tanto non existe o desaxuste que indica a recorrente, dado que a memoria económica cuantifica o persoal necesario para a prestación do servizo en todas as categorías profesionais conforme ao indicado no convenio de aplicación. Cuestión esta que por outra banda non é obxecto de reproche no recurso”.*

Efectivamente, o artigo 130 da LCSP esixe que cando unha norma legal, un convenio colectivo ou un convenio colectivo de eficacia xeral impoñan ao adxudicatario a obriga de subrogarse como empresario en determinadas relacións laborais, os servizos dependentes do órgano de contratación deberán prestarlles aos licitadores, nos pregos de condicións. propios, coa información sobre as condicións dos contratos dos traballadores afectados pola subrogación que resulte necesaria para permitir unha valoración precisa dos custos laborais que tal medida suporá, e deberán, ademais, facer constar que a dita información se facilita de conformidade co disposicións deste artigo. A estes efectos, a empresa que viñese realizando o servizo obxecto do contrato que se adxudicará e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a facilitarlle ao órgano de contratación a citada información, cando así o solicite. En cumprimento desta obriga o servizo xestor do contrato solicitou a información ao contratista que presta actualmente o servizo e anexou a información facilitada por este ao prego de prescricións técnicas como Anexo VI.

A administración contratante debe limitarse a facilitar esta información. Máis en ningún caso pode determinar se os traballadores teñen ou non dereito a subrogarse, posto que é un terceiro alleo á relación laboral entre a empresa e o traballador. Así o establece a lexislación vixente e despréndese da doutrina tanto xurisprudencial como administrativa. Citaremos por todas a Resolución nº 990/2023 da Sección 2ª do TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUALES, ditada no recurso nº 747/2023, do 20 de xullo de 2023, que di o respecto que:

*“El artículo 130.2 de la LCSP establece que cuando la empresa que viniese efectuando la prestación objeto del contrato a adjudicar fuese un Centro Especial de Empleo, la empresa que resulte adjudicataria tendrá la obligación de subrogarse como empleador de todas las personas con discapacidad que vinieran desarrollando su actividad en la ejecución del referido contrato.*

*Como apunta el órgano de contratación, este Tribunal ha venido interpretando este precepto conjuntamente con el apartado 1 del mismo artículo que establece que cuando una norma legal, un Convenio colectivo o un acuerdo de negociación colectiva de eficacia general, imponga al adjudicatario la obligación de subrogarse como empleador en determinadas relaciones laborales, los servicios dependientes del órgano de contratación deberán facilitar a los licitadores, en el propio pliego, la información sobre las condiciones de los contratos de los trabajadores a los que afecte la*

*subrogación que resulte necesaria para permitir una exacta evaluación de los costes laborales que implicará tal medida.*

*Este Tribunal ha entendido (en Resoluciones nº 101/2020, 1302/2021 o 1424/2021), que sólo en los casos en que proceda la subrogación con arreglo a la ley, convenio colectivo o acuerdo de negociación colectiva de eficacia general se aplicará la disposición del artículo 130.2 de la LCSP. En otro caso, este precepto no será de aplicación al no ser procedente la subrogación.*

*Y es que la regla del artículo 130.2 LCSP solo resulta de aplicación cuando proceda la subrogación del personal, por estar ésta prevista en ley, convenio colectivo o acuerdo de negociación colectiva de eficacia general, tal y como este Tribunal ha puesto de manifiesto en otros pronunciamientos, como en la Resolución 2/2020, además de la citada 101/2020.*

*En este sentido, la Sentencia de la Sala Cuarta del Tribunal Supremo de 12 de diciembre de 2017 (recurso nº 668/2016), que analiza el artículo 120 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre (actual artículo 130 de la LCSP), afirmó que:*

*“(…) la redacción no ofrece más interpretación razonable que la efectuada por la resolución recurrida, puesto que el precepto no hace sino imponer a la Administración Pública contratante una obligación, la de informar a los licitadores, de una posible subrogación empresarial, que lógicamente ha de ser la impuesta —de concurrir sus presupuestos— por disposición legal o convencional. De esta manera, la norma ofrece cualidad meramente instrumental respecto de una posible obligación sucesoria, por lo que la inclusión de tal información en el pliego de condiciones no crea obligación alguna para los licitadores en el concurso sino que sólo les informa de las posibles consecuencias laborales de la adjudicación, precisamente cuando las prescripciones legales o convencionales impongan al adjudicatario la obligación de subrogarse como empleador”.*

*Continúa dicha sentencia señalando que esa función puramente informativa del artículo 120 del TRLCSP, se evidencia todavía más en el artículo 130 de la LCSP, cuyo tenor “pone de manifiesto que la constancia de los datos de los trabajadores de la empresa saliente no se hace a efectos de imponer a la nueva adjudicataria la obligación de subrogarse en sus contratos, sino tan sólo para el supuesto —que la Administración no tiene ni porqué conocer con la sola información pretende imponer— de que normativa o convencionalmente esté dispuesto el fenómeno subrogatorio”.*

*En esta línea, el Tribunal Supremo, en su Sentencia de 18 de junio de 2019 (rec. Nº 702/2016), Sala de lo Contencioso-administrativo, ha reiterado que la obligación o no de subrogar a los trabajadores vendrá o no impuesta por las disposiciones legales o con eficacia normativa, tal es el caso de los convenios colectivos, en cada caso aplicables, y no por el propio pliego, que en ningún caso puede por sí imponer esa medida por tener un contenido estrictamente laboral.*

*Además, el Alto Tribunal, en esta última resolución judicial, concluye claramente que no le corresponde conocer sobre el cumplimiento o*



**Concello de Vigo**

*incumplimento de las obligaciones impuestas por la normativa laboral, ni a la Administración contratante, ni a la jurisdicción contenciosa, materia que sólo es competencia de los órganos de la jurisdicción social”.*

En consecuencia, á vista do alegado, en opinión da técnica que subscribe, procede solicitar a desestimación destas alegacións polo TACGAL, caso de ser admitido o recurso.

**-VI-**

### **Conclusións**

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

**-VII-**

### **Medidas cautelares**

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o procedemento, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión para o caso de que acorde admitir o recurso.

**-VIII-**

### **Acordo**

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**“1º.- Aprobar o presente informe.**

**2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.**

**3º.- Acordar a suspensión cautelar deste procedemento ata que o TACGAL dite resolución no presente recurso”.**

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(714).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO «INSTALACIÓN DE VIDEOMARCADOR (PANTALLA LED) NA ESQUINA UCO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS ». EXPTE. 2083/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación informe-proposta de data 05/09/2024, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO E CUESTIÓNS DE DEREITO**

**1º.** O Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, na que se fixou o prazo de vixencia do convenio para a utilización das ditas instalacións ata o ano 2034.

O título para a utilización do campo de fútbol do Estadio Municipal de Balaídos por parte da entidade deportiva é o devandito convenio de colaboración, no texto refundido, asinado en 1992, e a novación modificativa de 2009.

Este convenio define o alcance da posesión polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a utilización dos mesmo.

O Real Club Celta de Vigo (no sucesivo RCCV) asume no convenio (cláusula 5ª) como principais obrigas as de mantemento e conservación ordinaria das instalacións da Madroa (barandillas, portas, vestuarios, servizos públicos, pintura, etc.) incluso o terreo de xogo — permanecendo baixo a responsabilidade do Concello de Vigo a execución das obras de grande mantemento que afecten á estrutura do estadio (voladizos, cubertas, gradas etc.)— así como a de satisfacer os gastos de enerxía eléctrica, auga e calesquera outros servizos que sean consecuencia da utilización do campo polo Real Club Celta de Vigo.



## Concello de Vigo

O convenio, na mesma cláusula, establece que o RCCV poderá efectuar, durante a vixencia do convenio, obras e melloras que amplíen as actuais do estadio de Balaídos e dos campos de xogo de Barreiro e A Madroa, as cales revertirán ao concello de Vigo, como titular das ditas infraestruturas deportivas.

**2º.** Con data 2 de setembro de 2024 o Real club Celta de Vigo, S.A.D. presentou proxecto de instalación de videomarcador no Estadio Municipal de Balaídos, achegando posteriormente en data 04.09.2024 escrito solicitando a súa instalación.

**3º.** Respecto do dito proxecto, consta informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Obras e da Enxeñeira Industrial da Área de Servizos Xerais de data 04.09.2024 no que se indica:

(...)“A actuación desenrolase dentro da propiedade municipal sita en Avd. Fragoso nº 107, no Estadio de Novo Balaídos. As obras a executar enuméranse a continuación:

- **Instalación de un videomarcador** (pantalla LED) de dimensións 19,00x5,00m en tres tramos de lonxitudes 6,00, 7,00 e 6,00 metros, en paralelo coas tres paredes que forman a zona da “UCO”. O modelo das pantallas LED é o GSCD-100-GR da marca LG, de dimensións frontais 1000x1000mm e con unha resolución de 1824x480 pixels, cun nivel de brillo axustable e un ángulo de visión horizontal de 160º.
- **Disposición dunha estrutura metálica de soporte** para as pantallas, formadas por 95 paneis cun peso total de 1.805,00 kg máis 57 kg de cableado. Proponse catro ménsulas ancoradas aos catro piares de formigón armado de 100x50 cm, que soportarán os dinteis de base do videomarcador. Sobre os dinteis instalaranse 20 pórticos de soporte dos cabinets ancorados aos muros posteriores da zona do estadio, e instalarase un corredor metálico de mantemento inferior e superior.
- **Finalmente, se disporá da instalación eléctrica e de datos** necesaria para alimentar ao videomarcador. Comporase dun novo subcadro eléctrico, una nova liña de acometida os mesmo e 24 liñas secundarias para os paneis, así como os conversores de fibra da pantalla LED.

Fundamentalmente o obxectivo principal da actuación é a instalación da pantalla LED que permita cumprir coas necesidades de videomarcador esixidos por “LaLiga”, UEFA e FIFA.

### INFORME

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29/04/1993, coas súas modificacións puntuais, tendo en conta a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16/05/2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG n.º 106, do día 03.06.2008; BOP n.º 151, do 06/08/2008) e do Conselleiro da CMATI do 13/07/2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG n.º 144, do día 24/07/2009; BOP n.º 175, do día 10/09/2009). A actuación prevista discorre en solo incluído no Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a parcela no seu conxunto atopase dentro do ámbito cualificado urbanísticamente como Sistema Xeral de Equipamentos. As obras non alteran o volume da edificación existente, axustándose ás aliñacións previstas no planeamento.

As obras obxecto do presente proxecto non se encontran sometidas a Incidencia ambiental segundo o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, polo tanto non é

necesaria a tramitación do procedemento de avaliación ambiental. As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica.

O proxecto inclúe Memoria, Planos, Prego de condicións técnicas, Orzamento, Xustificación dos cálculos estruturais e eléctricos, Xustificación do cumprimento das esixencias de seguridade en caso de incendio (normativa CTE-SI), Xestión de Residuos, Plan de control de Calidade, Estudo Básico de Seguridade e Saúde, e está presentado o Oficio de Dirección das obras, polo que a documentación considérase completa e se informa favorablemente o proxecto presentado "PROXECTO DE INSTALACIÓN DE VIDEOMARCADOR (PANTALLA LED) NA ESQUINA "UCO" DO ESTADIO "NOVO BALAÍDOS"."

**4º.-** Ao tratase dunha obra nun ben municipal, que utiliza o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. a virtude do convenio arriba referido e nos termos que se reflicten neste, lle é de aplicación, aínda que a obra a solicite e a execute o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., o artigo 147.2 da Lei do solo de Galicia, de acordo co cal «As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente de cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor».

Unha vez finalizadas deberá achegarse certificado final de obra asinado polo Redactor.

Polo exposto, acreditadas no expediente as esixencias do artigo 147.2 LSG, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto «INSTALACIÓN DE VIDEOMARCADOR (PANTALLA LED) NA ESQUINA UCO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS », redactado polo enxeñeiro industrial D. Carlos Porras Ruiz, con data de sutura dixital 19 de xullo de 2024 e visado polo Colexio Profesional en data 19 de xullo de 2024 e autorizar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a execución do mesmo, coa advertencia de que as obras que se executen pasarán inmediatamente a ser propiedade do concello de Vigo.

**Segundo.-** Designar á Enxeñeira Industrial Dña. C. Tapias Bouso como facultativa municipal aos efectos do seguimento municipal das obras de referencia.

**Terceiro.-** Notifíquese esta resolución á interesada con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





**19(715).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS DO BERBÉS, BOUZAS, CALVARIO, TEIS E TRAVESAS. EXPTE. 10176/106.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 30/08/2024 e o informe de fiscalización do 05/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/08/2024, asinado polo enxeñeiro municipal e conformado pola concelleira-delegada de Igualdade e Comercio e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**LEXISLACION APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réximen local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei de contratos del estado, texto articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril (en adelante LCE) modificada pola Lei 5/1973, de contratos do Estado.
- Regulamento de contratos do Estado (RCE), aprobado por Decreto 3410/1975
- Regulamento de contratación das corporacións locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953 (RCCL)
- Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL)
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Lei 9/2017, de contratos do sector público (LCSP)
- Texto refundido do Regulamento dos mercados municipais aprobado definitivamente por acordo plenario de data 14.03.1994

**ANTECEDENTES**

En data 30.11.1993 o Pleno da Corporación adoptou acordo de alteración da forma de xestión dos mercados municipais do Berbés, Bouzas, Calvario, Travesas e Teis, prestándose o servizo para o vindeiro mediante concesión administrativa de servizos. No mesmo acto aprobouse o prego de condicións do concurso de xestión e explotación dos mercados municipais que determina un prazo de duración de **25 anos**, *“prorrogables automaticamente por períodos de 5 anos ata un máximo de cinco períodos, agás se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oitos meses á data do respectivo vencemento”*.

En data 14.03.1994 o Pleno resolveu as reclamacións e alegacións ao expediente segundo o informe proposta do xefe do Sector de Réxime Interior de 8 de marzo de 1994, coas variacións propostas na reunión da Comisión Informativa de Réxime Interior de data 8.03.1994.

Con data 31.08.1994 o Pleno da corporación adxudicou o contrato de concesión de mercados conforme as respectivas ofertas e suxeición ao prego de prescricións que rexe o concurso e Regulamento do servizo aprobado pola corporación municipal, sen que se considere necesario a asignación concreta de puntos ao non presentarse máis que unha oferta para cada mercado os seguintes licitadores:

- A Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1.000 ptas pola concesión do mercado do Calvario.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado das Travesas, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1.000 ptas pola concesión do mercado das Travesas.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1.000 ptas pola concesión do mercado de Teis.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado do Berbés, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1.000 ptas pola concesión do mercado do Berbés.
- A Asociación de Comerciantes do Mercado de Bouzas, polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1.000 ptas pola concesión do mercado de Bouzas.
- A Asociación de Comerciantes do Progreso , polo prazo inicialmente previsto de 25 anos, sen prexuízo da prórroga que se poida acordar, e un canon anual de 1.000 ptas pola concesión do mercado do Progreso; posteriormente modificado tras o acordo do Pleno do Concello de Vigo -exped 59/551)- en sesión do 29/12/2008 aprobando o cambio á xestión indirecta na modalidade de concerto e concesión de servizos, e adxudicación da concesión á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015.

Conforme aos contratos asinados con data 24.10.1994 coas citadas entidades, o prazo de concesión estableceuse en 25 anos, contados a partir do 21 de setembro de 1994, data de notificación do acordo de adxudicación, prorrogable a solicitude da parte interesada e mediante acordo expreso corporativo; iniciando a prestación do servizo a partir do día 25.10.1994.

Con data 12 de setembro de 2019 a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga dos contratos de xestión e explotación do servizo público dos seguintes mercados municipais, outorgado en réxime de concesión administrativa ás seguintes entidades de comerciantes, polo período de cinco*



## Concello de Vigo

*anos, contados a partir do día 21/09/2019, rematando en consecuencia o 20/09/2024.*

*\*Á Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario, NIF.-G36731578, a concesión do mercado do Calvario.*

*\* Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Travesas, NIF.- G36712701, a concesión do mercado de Travesas.*

*\* Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, NIF.-G36732295, a concesión do mercado de Teis .*

*\* Á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal de Bouzas, NIF.-G36767150, a concesión do mercado de Bouzas.*

*\* Á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés NIF.-G36708311, a concesión do mercado do Berbés.*

En data 20.02.2024 por Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio. Participación Cidadá e Festas Especiais ordenouse a apertura do expediente da segunda prórroga da concesión administrativa de xestión e prestación dos servizos dos mercados de Berbés, Bouzas, Calvario, Travesas e Teis e requiriuse ás *asociacións de empresarios para que manifestasen o seu interese en continuar coa concesión mediante solicitude xunto coa memoria económica e de xestión; do inventario e das contas anuais do pasado exercicio; das reformas e melloras realizadas no período concesional; das necesidades de futuro do inmovible e da memoria quinquenal de actividades promocionais e de dinamización para o período 2024-2029.*

No expediente consta a memoria do servizo xestor xustificativa da necesidade e conveniencia da segunda prórroga de data 24.06.2024 (trámite 145) e a solicitude de prórroga do contrato por parte da Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario (25.03.2024, trámite 36), Asociación Comerciantes de Teis (16.05.2024, trámite 80), Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas (28.05.2024, trámite 87), Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés (30.05.2024, trámite 106, Asociación Profesional de Empresarios autónomos do Mercado de Bouzas (5.06.2024, trámite 134).

De conformidade coa cláusula IV.2 do PCAP as concesionarias achegan ao expediente M. Berbés: (doc. 240110201, 240163281, 240163624, 240171527); M. Bouzas: (doc. 240155715, 240155187, 240167785, 240168077, 240175787); M. Calvario: (doc. 240100448, 240153615, 240165177) M. Teis: (doc. 240150848, 240152954, 240160474, 240164303, 240178925); M. Travesas: (doc. 240105934, 240162266, 240168857, 240168858) a documentación requirida relacionada coa prestación e explotación do servizo, con unha conta de resultados con saldo positivo, a excepción do mercado de Teis que presenta un leve saldo negativo no exercicio 2023 de 19,82 euros, a enxugar e sanear pola entidade nun exercicio futuro cara ao necesario equilibrio patrimonial.

Igualmente achégase por parte das entidades xunto coa documentación citada anteriormente, informe conforme cumpren co establecido na cláusula II do PCAP, sobre as actividades que se prestan non relacionadas co sector da alimentación, que non superaron o 30% das que corresponden as dos postos individuais adicados a produtos de alimentación e derivados.

A modo de resume indícase a seguinte lista de cotexo da documentación que se achega ao expediente verificada por este centro xestor:

DOCUMENTACIÓN ENTIDADE		BERBÉS	BOUZAS	CALVARIO	TEIS	TRAVESAS
Estatutos		√	√	√	√	√
NIF		√	√	√	√	√
Rel. asociados e membros de orgs. de go- berno		√	√	√	√	√
Inventario de peche e contas anuais		√	√	√	√	√
Memoria económica e de xestión	Conta de pérdidas e ganancias	√	√	√	√	√
	Presuposto anual de gastos e in- gresos	√	√	√	√	√
	Liquidación de presuposto de in- gresos e gastos do pasado exer- cicio	√	√	√	√	√
	Presuposto de explotación e di- namización de actividades	√	√	√	√	√
	Informe do persoal contratado	√	√	√	√	√
	Cadro financiamento	√	√	√	√	√
	Informe de débedas con tercei- ros	√	√	√	√	√
	Listado de concesionarios e alu- gueres e datas de alta e canon	√	√	√	√	√
	Postos vacantes	√	√	√	√	√
	Informe da superficie doutras actividades non alimentarias (máx. 30%)	√	√	√	√	√
	Saldo Fondo de Reserva	√	√	√	√	√
	Evolución retrospectiva de ne- gocio, así como visión prospecti- va cos datos previsibles de futu- ro	√	√	√	√	√
	Memoria quinquenal de actividades		√	√	√	√
Póliza seguro de RC e último recibo		√	√	√	√	√
Autorización para a consulta e comproba- ción da inexistencia de débedas de natureza tributaria (Concello de Vigo, AEAT, Tesoure- ría da Seguridade Social, ATRIGA)		√	√	√	√	√
Relación de empresas de mantemento		√	√	√	√	√

Así mesmo, comprobase que as entidades están ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, ( trámite 46), Seguridade Social (trámites 147 a



## Concello de Vigo

151), AEAT (trámites 152 a 156) e ATRIGA (trámites 157 a 161) conforme aos certificados positivos que se achegan ao expediente .

Achégase ao expediente informe técnico de data 01/08/2024 da inspección realizada polo arquitecto municipal sobre o estado de conservación e mantemento dos inmobles e instalacións sendo favorable nos mercados de Bouzas, Calvario, Teis e Travesas e presentando unha serie de deficiencias no mercado do Berbés de incumprimento das instalacións no relativo a normativa de protección contra incendios. Dando traslado de dito informe a *Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés* cun prazo de 10 días para subsanar as deficiencias detectadas.

En data 19/08/2024 a Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés presentou a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 240246041), certificado de funcionamento dos equipos de Protección contra incendios.

Conforme ao previsto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, modificada pola lei 54/2003, RD. 393/2007 Norma básica de autoprotección de centros e Decreto 171/2010 sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, as devanditas entidades contan cos seus respectivos plans de autoprotección e plan de actuación en emerxencias dos cales consta copia no arquivo deste centro xestor.

Achégase ao expediente o informe favorable da técnica municipal relativa a inspección sanitaria realizada con data 02/08/2024 (trámite 169).

INFORMES	BERBÉS	BOUZAS	CALVARIO	TEIS	TRAVESAS
Informe municipal sobre o estado de conservación e mantemento do inmovble e instalacións	-	✓	✓	✓	✓
Informe municipal inspección sanitaria	✓	✓	✓	✓	✓
Estar ao corrente do pago do canon anual	✓	✓	✓	✓	✓
Estar ao corrente de obrigas tributarias/certif. positivas	✓	✓	✓	✓	✓

No que respecta ao estado de ocupación dos mercados, informar o seguinte:

	Superficie comercial			Superficie comerc. sen actividade		
	M <sup>2</sup>	nº de postos ocupados	%	M <sup>2</sup>	n.º postos	%
<b>M. Berbés</b>	1.837,25	14	50,00	1.359	14 + plantas 2ª e 3ª ló-bregas	50,00
<b>M. Bouzas</b>	338,90	3	94,96	28,00	1	5,04
<b>M. Calvario</b>	1048,14	53	82,81	61,00	11	17,19

<b>M. Teis</b>	883,10	38	87,63	91,02	11	8,98
<b>M. Travesas</b>	2.012,76	34	98,29	21,7	1	3,35

A vista da documentación citada anteriormente dos devanditos mercados que se achega ao expediente, considérase que a concesión da xestión e explotación destes desenvólvese conforme as condicións do contrato, excepto o Mercado do Berbés que debe subsanar as deficiencias indicadas no informe do arquitecto municipal.

Requirida por este centro xestor a emenda das deficiencias detectadas con data 01/08/2024, a Asociación de empresarios do Mercado do Berbés presenta con data 19/08/2024 (data de entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 240246041 (trámite 178) certificado de sistemas de protección contra incendios asinado pola enxeñeira industrial da empresa Segurgal Sistemas, S L conforme os equipos de protección contra incendios do mercado quedan en perfecto estado de funcionamento.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

PRIMEIRO.- En canto ao réxime xurídico aplicable á prórroga do contrato haberá que estar ao disposto no prego de cláusulas administrativas (PCAP) que rexe o contrato e a normativa aplicable na data de adxudicación deste, que ao ter lugar en data 31.08.1994, está constituída pola Lei de contratos do Estado, texto articulado aprobado por Decreto 923/1965, de 8 de abril modificada pola Lei 5/1973, de contratos do Estado e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 3410/1975 e disposicións locais vixentes en dita data, a saber, o Regulamento de contratación das corporacións locais, aprobado por Decreto de 9 de xaneiro de 1953, o Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 e o Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por decreto de 27 de maio de 1952.

SEGUNDO.- O mercado/praza de abastos constitúe un ben de servizo público conforme ao disposto no artigo 4 do RBCL e artigo 74 do TRRL. En canto ao réxime competencial, o artigo 25 da LRBRL, na redacción conferida pola LRSAL, dispón que o municipio exercerá como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, e, entre outras, en materia de abastos e mercados. Así mesmo, o artigo 1 do RS determina que o Concello intervirá, entre outros, en materia de subsistencias, ademais, para asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade, a calidade dos ofrecidos en venta, a fidelidade no despacho dos que se expidan a peso ou medida, a normalidade dos prezos e a libre competencia entre os subministradores e vendedores.

O artigo 85 da LRBRL indica que constitúen servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias e conforme o seu parágrafo segundo haberán de xestionarse da forma máis sostible e eficiente, ben de forma directa ou xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro (actualmente a LCSP).



## Concello de Vigo

Segundo o obxecto e as prestacións determinados no prego de condicións que rexe o contrato e artigos 62 e 66.1ª no artigo 62 LCE, vixente no momento da adxudicación o contrato obxecto de prórroga constitúe un contrato de xestión de servizos na modalidade de concesión polo cal o empresario xestionará o servizo ao seu risco e ventura, e que actualmente corresponde co contrato de concesión de servizo (artigo 15 da LCSP), en virtude do cal o poder adxudicador encomenda a título oneroso a unha ou a varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo dito dereito acompañado do de percibir un prezo.

TERCEIRO- A segunda prórroga dos contratos non constitúe nova relación xurídica contractual nin unha nova adxudicación, senón unha ampliación da duración de xeito que o contrato se prolonga durante un tempo determinado despois da súa finalización.

O artigo 199 do RCE, vixente no momento da adxudicación do contrato e respecto a duración dos contratos de xestión de servizos públicos, dispoñía: *“Os servizos non poderán ser contratados en réxime de monopolio, salvo que unha lei o autorice expresamente. A xestión non poderá ter carácter perpetuo ou indefinido, fixándose necesariamente a súa duración e as prórrogas de que poida ser obxecto, sen que en ningún caso poida exceder o prazo total, incluídas as prórrogas, de noventa e nove anos.”* E o Regulamento de servizos determina no seu artigo 115 que en toda concesión de servizos fixaranse as cláusulas conforme as cales se outorgase, que serán as que se xulguen convenientes e, como mínimo, e entre outras, o prazo da concesión segundo as características do servizo e as inversións que houber de realizar o concesionario sen que poida exceder de cincuenta anos.

A segunda prórroga dos contratos de xestión de servizos públicos require da súa expresa previsión no prego de cláusulas que opera como lei do contrato e vincula a ambas partes contratantes. A estes efectos a cláusula III do prego de cláusulas aprobado en data 30.11.1993 fixa o prazo de duración da concesión en vinte e cinco anos computados dende a data de notificación do acordo de adxudicación, prorrogables automaticamente por períodos de cinco anos, ata un máximo de cinco períodos; agás que se formule denuncia expresa de cada período de prórroga cunha antelación mínima de oito meses á data do respectivo vencemento. Concretamente os contratos de concesión administrativa de xestión e explotación do mercado na súa cláusula terceira determina << El plazo de la concesión se establece en veinticinco años, contados a partir del 21 de septiembre de 1994, fecha de notificación del acuerdo de adjudicación.>>

O prego de condicións que rexe o contrato establece as prórrogas automáticas do contrato. Neste punto cómpre sinalar que o artigo 199 do RCE non recolle a necesidade de que as prórrogas sexan expresas, sendo suficiente que estean previstas. Non obstante as sucesivas normas sobre a contratación pública veñen esixindo que as prórrogas dos contratos sexan de carácter expreso, quedando prohibidas as prórrogas tácitas ou a chamada “tácita reconducción” e neste senso a cláusula terceira dos contratos formalizados entre o Concello e os

adxudicatarios dispón que o prazo << ... podrá ser prorrogado a solicitude de la parte interesada y mediante acuerdo expreso corporativo. >>

No expediente constan as solicitudes de prórroga por parte dos concesionarios titulares dos contratos de xestión e prestación dos servizos dos mercados de Berbés, Bouzas, Calvario, Travesas e Teis. Así mesmo, segundo a documentación achegada polos concesionarios a prestación do servizo se axusta ao disposto no prego de cláusulas administrativas.

**CUARTO.-** A segunda prórroga está suxeita aos seguintes requisitos:

a) Que a segunda prórroga estea prevista nos pregos de condicións administrativas en tanto que constitúe a lei do contrato e vincula a ambas partes contratantes de xeito que a concorrencia para a súa adxudicación se realice en atención á duración máxima do contrato, incluíndo as prórrogas.

b) Que o contrato que se pretende prorrogar se atope vixente, posto que extinguido o obrigacional por vencemento do termo, xurídicamente non ten cabida acordo de prórroga ningún.

c) Que non se superen os límites legais de duración do contrato

d) A posibilidade de prórroga dun contrato público implica a prolongación da vixencia deste e require que a súas características permanezan inalterables durante o período de duración e que a concorrencia para a súa adxudicación se realice en atención a duración máxima do contrato, incluíndo as prórrogas.

e) A prórroga non require de formalización de documento administrativo perfeccionándose mediante acordo do órgano competente.

**QUINTO.-** Respecto ao órgano competente para a adopción do acordo cabe sinalar, que se ben o prego determina que como órgano de contratación o Pleno, tras a entrada en vigor da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local que modificou a LRBRL introducindo un novo título X relativo ao réxime orgánico específico para os municipios de gran poboación, a competencia en materia de contratación atribuíuse á Xunta de Goberno Local (artigo 127.1.f) da LRBRL. Non obstante, actualmente, tras a derogación pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público do artigo 127, apartado 1, la letra f) a competencia en materia de contratación nas entidades locais ven regulada na lexislación básica en materia de contratación que actualmente corresponde a LCSP que na DA 2ª. 11 da LCSP determina que a competencia en materia de contratación nos municipios de gran poboación corresponde á Xunta de Goberno Local calquera que sexa o importe do contrato ou a duración deste.

**RESULTANDO,** que, por todo o anteriormente exposto, e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe da Intervención Xeral, o con-





## Concello de Vigo

celleiro delegado que suscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**“PRIMEIRO.-** Aprobar a segunda prórroga dos contratos de xestión e explotación do servizo público dos seguintes mercados municipais, outorgado en réxime de concesión administrativa ás seguintes entidades de comerciantes, polo período de cinco anos, contados a partir do día 21/09/2024, rematando en consecuencia o 20/09/2029.

\*Á Asociación de Comerciantes do Mercado do Calvario, NIF.-G36731578, a concesión do mercado do Calvario.

\* Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Travesas, NIF.- G36712701, a concesión do mercado de Travesas.

\* Á Asociación de Comerciantes do Mercado de Teis, NIF.-G36732295, a concesión do mercado de Teis .

\* Á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado Municipal de Bouzas, NIF.-G36767150, a concesión do mercado de Bouzas.

\* Á Asociación de Empresarios do Mercado do Berbés NIF.-G36708311, a concesión do mercado do Berbés.

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ás devanditas entidades.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(716).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO “FARO EDUCA 2024” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO, S.A.U. EXPTE. 20268/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 05/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 13 de xuño de 2024, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2024” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promover e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 2 de setembro de 2024.
- Memoria e orzamento para patrocinio publicitario de “Faro Educa 2024”, presentada por FARO DE VIGO no Rexistro Xeral deste Concello o 22 de agosto de 2024.
- Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. de data 27 de agosto de 2024 sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto FARO EDUCA solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.
- Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 2 de setembro de 2024.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 3 de setembro de 2024 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía.
- Memoria xustificativa do contrato de data 3 de setembro de 2024 asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos proxectos con data de 5 setembro de 2024

## **II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO**

### II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2024” organizado polo Faro de Vigo S.A.U.. O proxecto inclúe tres accións: Faro da Escola, Foro de Educación e Faro Educa, que de forma concreta se definen nas cláusulas 2ª e 3ª do PPTP.

Dito proxecto ten por obxectivo impulsar a educación dende diferentes puntos de vista, achegar aos nenos e nenas á prensa, involucrarse coas innovacións educativas.



**Concello de Vigo**

O “Concello de Vigo” como patrocinador poderá incluír a súa imaxe institucional (logotipo) como impulsor da educación e dos seus valores. O proxecto “FARO EDUCA 2024”, permitiralle ao Concello resaltar a propia acción de promoción educativa, e a súa implicación coa mesma, valores que como órgano representativo da cidade quere por en coñecemento da cidadanía.

## II.2.-Procedemento de adxudicación, réxime xurídico e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

O artigo 168 da Lei 9/2017, ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva.

Non consta a existencia doutros proxectos de características similares a Faro Educa 2024, que impliquen a case a totalidade dos centros educativos da área de Vigo (máis de 50) con accións tan específicas destinadas a impulsar a educación dende diferentes puntos de vista.

Cumpre sinalar que a inversión publicitaria que ofrece Faro de Vigo incorporará o logo do Concello de Vigo en cada unha das accións publicitarias recollidas no proxecto. A difusión destas accións se realiza a través do xornal “FARO DE VIGO”, tanto na súa edición en papel como na edición dixital. A avaliación de audiencia e rendibilidade de medios indica que podería chegar ao 45,40% da poboación de Vigo e a súa área.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa “FARO DE VIGO S.A.U.” o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

En relación á proposta de patrocinio publicitario obxecto deste expediente, destácase que a mesma ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «**retorno publicitario**», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado (Faro de Vigo) permite que o patrocinador (Concello de Vigo) faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado “FARO EDUCA 2024” e tamén, como aí se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade. O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin

de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de xornais).

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pois o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos de publicidade. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

### **Formas de tramitación:**

A forma de tramitación será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

Prezo con ive: **112.295,00**

Prezo sen ive: **92.805,79 €**

Importe 21% ive: **19.489,21 €**

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2024.



**Concello de Vigo**

#### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

#### II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

#### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución será de 3 meses e quince días.

2.- O cómputo do prazo iniciarase o 15 de setembro de 2024. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

#### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

#### II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía

### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

### II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

#### De carácter medioambiental:

- Redución de embalaxes: esta condición busca minimizar o impacto ambiental asociado á produción e eliminación dos embalaxes, así como o compromiso da entidade contratante coa sustentabilidade e a redución da súa pegada ecolóxica.
- Recollida selectiva de residuos: a implantación dun sistema de recollida selectiva é fundamental para garantir que os residuos xerados durante a execución do contrato sexan xestionados axeitadamente. Isto non só facilita a reciclaxe e a recuperación de materiais, senón que tamén promove a concienciación ambiental entre a comunidade educativa.

### II.13.- Solvencia

- Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:
- **- Solvencia económica e financeira:**  
Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídosexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- **- Solvencia técnica e profesional:**

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

### II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario



**Concello de Vigo**

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

### **III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto "FARO EDUCA 2024".

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía con data 3 de setembro de 2024 redactado

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área do Servizo de Contratación, con data 5 de setembro de 2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de **92.805,79 €**

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(717).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1908/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 05/09/2024 e o informe de fiscalización do 06/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/09/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

1.- O edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, sito na Praza do Rei, constitúe un dos principais bens demaniais onde se desenvolven a maioría dos servizos que se prestan á cidadanía, polo que é necesario garantir o perfecto estado da edificación e das súas instalacións en aras do seu uso nas mellores condicións e articular os medios necesarios para o seu mantemento.

Este edificio, con una superficie total construída de 26.930 m2 distribuída en once andares sobre a rasante e dous baixo rasante, foi construído no ano 1974.

O edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, ademais da estrutura, revestimentos, falsos teitos, pavimentos, carpintería, ferraxería, tabicaría, pintura, impermeabilización, etc, conta con unha serie de instalacións, como:

1. Instalacións de climatización e aire acondicionado.
2. Instalacións de calefacción e auga quente sanitaria.
3. Instalacións de ventilación e extracción de aire.
4. Instalación de subministro eléctrico de emerxencia: grupos electrógenos e SAIs.
5. Instalacións de iluminación e eléctricas (Baixa e Alta tensión).
6. Instalacións de fontanaría (abastecemento, saneamento, grupos de presión, bombas de achique, alxibe,..)
7. Instalacións de Protección Contra Incendios.





**Concello de Vigo**

8. Persianas de seguridade, barreiras, portalóns, ventás e portas automáticas.

9. Instalacións de datos e comunicación.

2.- O obxecto do presente expediente contempla o mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo, que contempla as diferentes actuacións de mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal, así como a reparación de posibles avarías que se produzan o longo do tempo nas citadas instalacións do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo.

O alcance do contrato do servizo de mantemento integral do edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo comprende o mantemento preventivo, correctivo e técnico-legal dun catálogo de instalacións de tipoloxía diversa e heteroxénea - descritas no apartado 2.2 do PPTP- que require dun persoal cualificado e especializado, en diversas tarefas co fin de realizar unha adecuada e eficaz xestión do dito inmovible, precisando para o seu mantemento integral de medios técnicos, materiais e humanos que o Concello de Vigo non pode facer fronte con medios propios.

Ademais para a realización do mantemento de determinadas instalacións, como as térmicas, de clima ou contra incendios, os regulamentos de aplicación sectorial esixen a habilitación profesional inscrita no rexistro de industria correspondente, da que non se dispón no Concello de Vigo. Na actualidade o Concello de Vigo conta con un equipo de 3 operarios de mantemento, enxeñeiros e arquitectos, se ben non dispón da especificidade necesaria para o desenvolvemento das distintas tarefas e actuacións que implica a xestión deste contrato, nin se contan cos equipos e medios materiais necesarios para levar a cabo o mantemento integral do edificio da Casa Consistorial.

3.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 05.03.2024 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión, a Enxeñeira Técnica Industrial, e con data 06.03.2024 polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, ao abeiro do cal en data 06.03.2024, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación

4.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión, a Enxeñeira Técnica Industrial, e con data 06.03.2024 polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, ao abeiro do cal en data 06.03.2024, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 06.03.2024.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e a Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 13.05.2024, que contén os anexos asinados con data 16.05.2024; ANEXO I: INVENTARIO DE INSTALACIÓNS, ANEXO II: GAMAS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, ANEXO III: RELACIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE,

ANEXO IV: LISTAXE DE PREZOS MATERIAIS ESPECÍFICOS DAS INSTALACIÓNS, ANEXO V: BASE DE PREZOS DA CONSTRUCIÓN, ANEXO VI: PLANOS DO EDIFICIO

- d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 04.09.2024.
- e) Certificados de crédito asinado pola Dirección superior Contable e Orzamentación en data 19.05.2024.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada pola Enxeñeira Técnica Industrial, polo Xefe da Área de inversión e polo Xefe de Área de Servizos Xerais, e asinada en data 07.08.2024.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 28.08.2024.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 04.09.2024.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada (artigo 19 e 22 da LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

### **III.- PROPOSTA:**

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EDIFICIO DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de SETECENTOS NOVENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE EUROS” (798.389,00 €), Ive engadido.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e a Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 13.05.2024, que contén os anexos, asinados con data 16.05.2024; ANEXO I: INVENTARIO DE INSTALACIÓNS, ANEXO II: GAMAS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, ANEXO III: RELACIÓN DE MATERIAL FUNXIBLE, ANEXO IV: LISTAXE DE PREZOS MATERIAIS ESPECÍFICOS DAS INSTALACIÓNS, ANEXO V: BASE DE PREZOS DA CONSTRUCCIÓN, ANEXO VI: PLANOS DO EDIFICIO

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 04.09.2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por un importe total de SETECENTOS NOVENTA E OITO MIL TRESCENTOS OITENTA E NOVE EUROS” (798.389,00 €), sendo o importe correspondente ao IVE, o importe de 138.563,38 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello na aplicación orzamentaria 9200.212.00.00 (Conservación e reparación dependencias municipais,), de acordo a seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Total
2024	<b>65.006,97 €</b>
2025	<b>396.842,57 €</b>

2026	336.539,46 €
TOTAL	798.389,00 €

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(718).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás once horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez